O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

O día 13 de novembro de 2018 tiña lugar unha nova reunión da Comisión sobre a AP-9, entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento.

Un dos principais asuntos que se abordaron nesa reunión foi o incremento das peaxes na AP-9. Neste sentido, o Goberno galego trasladou a preocupación da Comunidade polo incremento das peaxes no que é unha arteria de comunicación fundamental para Galicia e demandou do Ministerio de Fomento que estude e negocie coa concesionaria posibles fórmulas para flexibilizar as peaxes desta autoestrada. Nesa reunión, a Xunta de Galicia comprometéase a elaborar unha proposta de posibles medidas que reduzan o impacto polas peaxes desta autoestrada estatal, e a remitirla ao Ministerio para a súa toma en consideración.

Por outra banda tamén é coñecido que o Ministerio de Fomento lanzou a posibilidade de implantar peaxes tamén nas autovías, ata agora libres de peaxes. Desde a Xunta de Galicia e desde este grupo parlamentario que sustenta a acción do Goberno, consideramos que esta é unha cuestión demasiado seria como para ser lanzada a modo de globo sonda e sen ningún tipo de concreción nin de rigor, creando confusión e desacougo entre a sociedade.

En contraposición á política impulsada desde o Goberno central no relativo ás peaxes, desde a Xunta de Galicia vense de anunciar novas bonificacións nas autoestradas de titularidade autonómica: na autoestrada A Coruña-Carballo, AG-55; e na autovía Vigo-Baiona, que xa se atopan entre as autoestradas máis baratas do Estado.

Sendo moi conscientes do impacto que as peaxes teñen no conxunto do tecido económico e social de Galicia, e entendendo que a nosa Comunidade non pode tolerar ningún tipo de medida que supoña un agravio e unha situación de desequilibrio



respecto a outros territorios, nin perda de competitividade económica, os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.- Desenvolver as bonificacións horarias nas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, ao obxecto de que os cidadáns se poidan beneficiar canto antes destas reducións nas tarifas, dispoñendo os recursos orzamentarios necesarios para a súa aplicación, no vindeiro ano.
- 2.- Elaborar, no menor tempo posible e como ten comprometido, unha proposta de medidas para reducir o impacto das peaxes da AP-9, dándolle traslado de dito estudo ao Ministerio de Fomento, ao obxecto de que este poida valoralas, xunto coas outras posibles medidas de flexibilización que poida propoñer o Ministerio, e negocialas coa concesionaria de cara á súa implantación a curto prazo.
- 3.- Solicitar ao Ministerio a posibilidade de trasladar a flexibilización de peaxes que determine tamén á outra autoestrada de titularidade estatal, a AP-53.
- 4.- Insistir ante o Ministerio de Fomento que ratifique o compromiso adquirido polo anterior Goberno de España de que as futuras obras na AP-9 non se financiarán con cargo a novas subas de peaxe, senón a través dos Orzamentos Xerais do Estado e que cumpra, á maior brevidade, o compromiso de liberalizar a peaxe de Redondela, unha demanda unánime do Parlamento galego”.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 29/11/2018 18:16:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2018 18:25:30
Nº Rexistro: 41145
Data envío: 29/11/2018 18:25:30.243

Martín Fernández Prado na data 29/11/2018 18:16:31

Jaime Castiñeira Broz na data 29/11/2018 18:17:27

Beatriz Mato Otero na data 29/11/2018 18:17:36

Jacobo Moreira Ferro na data 29/11/2018 18:18:07

Marta Novoa Iglesias na data 29/11/2018 18:18:25

María Julia Rodríguez Barreira na data 29/11/2018 18:18:42

Gonzalo Trenor López na data 29/11/2018 18:18:57

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 29/11/2018 18:19:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-vPyVlYgw-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O edificio da lonxa vella de Camariñas que actualmente está baleiro e tapiado, localízase nun dos peiraos do porto da vila. Actualmente mantén a titularidade de Portos de Galicia, a pesar que desde o Goberno local xa se ten solicitado a súa transferencia. Esta solicitude obedece en parte ao seguinte: o edificio xa non ten uso portuario, está integrado na vila e ademais é o Concello o que asume o seu mantemento e limpeza. É necesario dotar o edificio de vida e recuperalo para que teña unha utilidade práctica en beneficio da veciñanza de vila.

O concello xa ten solicitado a transferencia da titularidade pero, a día de hoxe, non ten resposta por parte do Goberno, o cal fai preciso coñecer cales son as súas previsións con relación a esta cuestión. Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a transferir a titularidade do edificio da lonxa vella de Camariñas ao Concello, tal e como ten solicitado.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/11/2018 16:08:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40811
Data envío: 23/11/2018 16:16:45.210

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 16:08:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2018 16:08:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas, e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A saúde é un dereito fundamental tamén no traballo. Para iso é preciso promover a implantación de políticas preventivas que melloren a saúde e a seguridade das traballadoras e traballadores.

Galicia rexistrou o ano pasado 30.845 accidentes laborais con baixa, dos que 49 foron mortais (3 en itinerario e 43 en xornada de traballo). Estas cifras deixan un índice de incidencia de 5,48 falecementos por cada 100.000 traballadores, moi por riba da media nacional, que foi de 3,20 profesionais mortos por cada 100.000 asalariados.

Así, en 2017, os accidentes con baixa laboral aumentaron un 9,18 % respecto ao ano anterior, aumentando máis que a ocupación e a creación de emprego.

O 20,19 % dos sinistros laborais con baixa na comunidade galega en 2017 tiveron como protagonistas a persoas que levaban menos de tres meses nese emprego, unha porcentaxe moi elevada en relación coa poboación asalariada exposta a esa situación.

O Grupo Socialista e as centrais sindicais vimos denunciando reiteradamente que a negativa evolución da sinistralidade laboral vén marcada polo deterioro constante das condicións de traballo, así como pola redución dos recursos dedicados á prevención de riscos nas empresas que, inevitablemente, están a supoñer un quebranto na saúde e na seguridade dos traballadores e traballadoras.

Fronte a isto, desde a Xunta de Galicia vén producindo ao longo destes derradeiros anos, unha redución constante dos orzamentos dedicados á prevención de riscos laborais, concretamente os destinados ás actividades desenvolvidas polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a favor da seguridade e saúde no traballo.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a potenciar a posta en marcha da *Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral* co fin de reducir o número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais; así como incrementar o orzamento dedicado a tal fin como mínimo ata os niveis de 2011.”

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2018 18:27:24

Noela Blanco Rodríguez na data 23/11/2018 18:27:34

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2018 18:27:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2018 18:27:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 12:34
Nº Rexistro: 40839
Data envío: 26/11/2018 12:34:25.777

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 40 anos do réxime político español actual, a Constitución que o consagra foi modificada unicamente en dúas ocasións, unha primeira vez por imperativo europeo tras a sinatura do Tratado de Maastricht en 1992, a segunda reforma foi en 2011 para a modificación do artigo 135, precisamente, en sentido regresivo, para priorizar os intereses da banca fronte aos das clases populares. No entanto, é claro que o texto constitucional vigente contén eivas democráticas evidentes, que non casan cun sistema político verdadeiramente democrático, pois supoñen a negación de dereitos individuais e colectivos básicos.

Particularmente, dous aspectos chaman a atención polo seu anacronismo e incompatibilidade co respecto a dereitos democráticos esenciais. Por un lado, a negación das nacións que, como Galiza, facemos parte deste Estado. Por outro, a permanencia dunha Xefatura do Estado vitalicia e hereditaria que, ademais, nesta etapa ten a súa orixe nunha decisión do ditador Francisco Franco.

É evidente que un sistema que se queira realmente democrático debe partir de que todos os cargos públicos -canto máis a xefatura do estado- deben ser resultado da vontade popular expresada por medio do voto. Do mesmo modo, debe sustentarse no respecto de todos os pobos e dos seus dereitos colectivos. Cabe lembrar que o dereito de libre determinación fai parte da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 12:34
Nº Rexistro: 40839
Data envío: 26/11/2018 12:34:25.777

Carta das Nación Unidas e dos Pactos e acordos posteriores, todos eles asinados polo Estado español.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución o recoñecemento de Galiza como nación e, por tanto, dos dereitos colectivos inherentes, moi especialmente do dereito de autodeterminación.

O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a defender a supresión da monarquía, por ser unha institución anacrónica e antidemocrática, e a defender a opción da súa mudanza por un sistema democrático e republicano.”

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2018 12:34
Nº Rexistro: 40839
Data envío: 26/11/2018 12:34:25.777

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/11/2018 12:33:47

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2018 12:33:52

Ana Pontón Mondelo na data 26/11/2018 12:33:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/11/2018 12:33:55

Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2018 12:33:57

Xosé Luis Bará Torres na data 26/11/2018 12:33:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 1ª, relativa ás medidas en materia de modificación do artigo 135 da Constitución española.

Exposición de motivos

A reforma do artigo 135 da Constitución española estableceu que fose asunto primordial pagar a débeda pública das Comunidades Autónomas sen sequera contar cunha mínima participación destas ou das entidades locais, sabendo que esta reforma inflúe de forma directa no exercicio dos orzamentos, xa que inevitablemente limita as opcións dos gobernos locais e autonómicos para o gasto público deixando sen capacidade a estas entidades para o desenvolvemento de políticas públicas de calidade.

Esta reforma atentou contra a concepción de Estado social que recolle no artigo 1.1 da Constitución ao entender estado social como o estado que por definición protexe os dereitos a servizos como a asistencia sanitaria, calidade na educación pública, subsidios, defensa xurídica, etc. En primeiro lugar deixa á libre interpretación das entidades o que deberán gastar en servizos básicos á cidadanía ao non establecer un mínimo obrigatorio e, ademais, estes servizos son imposibles de cumprir con calidade por parte das comunidades autónomas cas limitacións que se impoñen derivadas desta reforma. Concluindo, a continuación do estado social depende da eliminación do artigo 135.

Este artigo obvia por completo as demandas da cidadanía que reclaman voz no exercicio da política establecendo como prioridade mandar unha mensaxe de



estabilidade aos mercados que pretenden impor as súas propias normas aos Estados ademais de contentar ao Banco Central Europeo, entidade que non ten ningunha lexitimidade democrática.

Así no caso concreto da soberanía Galega, o escrito número de rexistro de saída 12215 de 12 de novembro de 2018, impide que En Marea propoña para o debate orzamentario do 2019 a redución da partida 22.01(5)911A.950 que ten un crédito de 1.510.912.745€ para pagado de débeda pública, de tal forma que esta minoración fose utilizada para investimentos de carácter social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte
Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que inicie as medidas oportunas para derrogar o artigo 135 da Constitución española.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 27/11/2018 09:55:46



Luis Villares Naveira na data 27/11/2018 09:57:53





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

A solta do torymus sinensis desta primavera rondou os case 800.000 individuos, pero estas soltas efectuáronse cun inexplicable secretismo e sen normas de comportamento para os agricultores e xentes que teñen na castaña un medio de vida único ou complementario. Non houbo notificacións das zonas onde se ceiba este bichiño nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos consolidados ou novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de Torymus si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.

Para esta primavera pasada prometéranse 1,6 millóns de individuos para ceibar e resulta que ó final foron so a metade desa cifra.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

- Avisar con antelación ós veciños e propietarios de castiñeiros e informalos de tódolos entresillos desta medida.

- Facilitar ós concellos onde se vaian realizar as soltas, as instrucións necesarias, organizando charlas divulgativas das boas prácticas coa poda, lume, pesticidas e outras que se consideren oportunas co agallo de favorecer a instalación e permanencia de poboacións activas de *Torymus sinensis*.

- Facer as previsións de compra, acopio ou encomenda de exemplares suficientes deste predador da nesperiña para o ano próximo.

- Posto que a praga non se vai nin erradicar nin controlar en bastante tempo, é de desexar que para economizar gastos se tomen as medidas necesarias para que o citado *torymus* sexa criado en Galicia.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 11:04:01

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 11:04:09

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 11:04:11

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 11:04:12

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 11:04:14

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 11:04:16



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata este luns, 26 de novembro de 2018, o Concello de Carballedo (Lugo), con 2.266 habitantes, o 40% por riba de 65 anos, contaba cun centro de saúde, na localidade da Barrela, e co consultorio de Castro.

A partires de agora, a actividade asistencial neste concello vai concentrarse na Barrela. Aínda que as dúas localidades distan entre si só uns 2,7 km, trátase dos dous núcleos de concentración de poboación dun Concello moi envellecido e con poucas alternativas de transporte, nun contexto de baixas pensións.

Até o de agora, había tres profesionais de Medicina de Familia no Concello, pasando, coa recente xubilación dun deles, a contar con dous profesionais, que se reparten así o cupo de tarxetas, a razón dunhas 850 por profesional. Aínda sendo unha rateo que non excede o recomendado, hai que ter en conta que o Concello ten unha poboación moi envellecida, con máis patoloxías crónicas.

Carballedo súmase á oleada de recortes sanitarios no medio rural, o que vai acentuar, con esta perda de servizos, a recesión demográfica de moitos concellos, como é o caso.

Por outra parte, dende En Marea non entendemos o proceder da Xunta, que acomete a reorganización sanitaria en Carballedo sen contar coa cidadanía. A





asociación veciñal de Castro de Carballido ten denunciado que coñecía os plans do Sergas por terceiras persoas e que os cambios se terían axilizado logo das mobilizacións veciñais para recollida de sinaturas.

O SERGAS indica que se van implantar “novas formas de asistencia sanitaria”, como a atención a domicilio a pacientes crónicos. A estratexia de cronicidade presentada polo SERGAS non é máis que “vender” o que as profesionais da Atención Primaria levan facendo dende sempre. O que verdadeiramente precisa a Atención Primaria son máis medios humanos e estruturas de xestión propias, para poder atender con calidade e tempo a todas e todos os pacientes, tamén para ter máis tempo para a atención a domicilio. Dende En Marea tamén defendemos incluír en todo o territorio a figura do Traballador/a Social sanitario (algo no que a provincia de Lugo é moi deficitaria) e a saúde mental na Atención Primaria. Deste xeito, reforzando a Atención Primaria, atenderíamos as necesidades sociais, melloraríamos a saúde da poboación, pois tamén se faría máis prevención, e resolveríamos na proximidade patoloxías que non terían que derivar á Atención Especializada.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Recuperar a actividade no consultorio de Castro de Carballido.
2. Aumentar os recursos para Atención Primaria, incluíndo a recuperación da praza de medicina familiar suprimida en Carballido.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.





Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/11/2018 12:06:37

Luis Villares Naveira na data 27/11/2018 12:06:47



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A existencia de erros da interpretación normativa sobre a determinación da existencia de mal tempo para faenar na extracción do percebe motivou á Xunta de Galicia a advertir e impoñer sancións a percebeiros que, ante determinadas circunstancias, estimaban a existencia deste mal tempo para non poder saír a faenar a flote.

Esta decisión ten unha gran relevancia, pois ao existir ese mal tempo, as e os percebeiros poden saír a faenar a pé no caso de que así o permita o Plan de explotación da confraría. Non entanto esta situación foi sancionada pola Xunta de Galicia, dende o ano 2017, e utilizada como ferramenta de presión sobre as e os traballadores do mar, nomeadamente as e os percebeiros.

Esta conflitividade iniciada e alimentada pola Xunta de Galicia, particularmente pola Consellería do Mar, vén de recibir unha corrección xudicial. O Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo vén de emitir unha sentenza que dá a razón a un traballador que recorreu a sanción que a Xunta lle impuxo por este motivo citado. A resolución xudicial (que xa é firme) indica que a consideración do mal tempo recaía no traballador, e que a Xunta non pode sancionar polo motivo que o fixo (non ter permiso para faenar a pé) porque a consideración da situación así o permitía.

Esta situación foi formulada no Parlamento de Galicia en diversas ocasións polo Grupo Parlamentario Socialista, advertindo de que se resolvería no sentido que así foi agora, e solicitando da Consellería do Mar que apuntase a unha solución mediada e de acordo sobre as consideracións normativas, pero que non podían invadir as competencias que non tiñan.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Non iniciar ningún expediente sancionador máis no mesmo sentido que o que deu lugar a esta sentenza firme contraria aos intereses da Xunta de Galicia.
2. Iniciar un proceso dialogado e co maior consenso posible no sector que permita abrir a posibilidade de reformular a consideración de mal tempo, tendo en conta as especificidades de cada subsector de traballo e que permita unha identificación obxectiva e clara das condicións.

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 11:35:35

María Dolores Toja Suárez na data 27/11/2018 11:35:41

Patricia Otero Rodríguez na data 27/11/2018 11:35:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2018 11:35:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días asistimos a unha campaña de acoso e intimidación mediática e institucional contra o Centro Galego de Bruxelas por alugar o espazo cultural *La Tentation* para a celebración o próximo 8 de decembro do festival **12 horas per la Llibertat**, en solidariedade coas persoas presas e exiliadas políticas catalás. O máis grave do caso é que na polémica interveu o mesmo presidente da Xunta, que chegou a expresar publicamente a súa “disconformidade, desgusto e rexeitamento” polo feito de alugar un centro galego para “unha actividade que supuña ir contra o ordenamento xurídico de Galicia”.

Estamos diante dun debate que pon de manifesto graves carencias do réxime político español. É en primeiro termo un debate sobre os límites da democracia e da liberdade, e sobre a interpretación regresiva e autoritaria que fai o Estado español dos dereitos fundamentais, perseguindo penalmente a disidencia e o pluralismo político. Nesta cuestión xa interveu reiteradamente nos últimos tempos o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que condenou a España por non respectar os principios máis básicos dunha democracia. E tamén se pronunciaron diversos tribunais de xustiza europeos, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puxeron de relevo que España máis que un “Estado de dereito” é un “Estado de excepción” ao encarcerar e solicitar elevadas penas de prisión por delitos ficticios de rebelión e sedición para persoas como os dirixentes do “Procès” que defenderon de maneira pacífica os seus ideais.

O que subxace nesta controversia arredor do festival **12 horas per la Llibertat** é a pretensión absurda das institucións españolas de estender a súa xurisdición máis alá dos Pireneos, obviando que Bélxica é un estado soberano, que respecta as liberdades e o pluralismo, e que ten un sistema xudicial con moita máis calidade democrática cá reaccionaria e intervida administración de xustiza española.

E en último termo, o que rebela este debate é a tentativa fallida da Xunta de Galiza e do seu Presidente de dirixir, controlar e condicionar a actividade dos centros da diáspora galega, utilizando para tal fin toda clase de medios, mesmo a chantaxe e a intimidación.

Mais no caso do Centro Galego de Bruxelas picaron en óso pois na xuntanza da directiva do pasado 19 de novembro acordaron, malia as presións de todo tipo recibidas, que “tanto os exilados políticos como o rapeiro *Valtonyc* poderán actuar nos locais de *La Tentation* amparándose no principio de liberdade de expresión democrática”.

Foi unha decisión valente, que cómpre celebrar porque acenos coma este nos engrandecen como pobo. Foi un acto exemplar, que está á altura deste marabilloso proxecto cultural xerado en Bruxelas pola colectividade galega ao longo dos últimos 20 anos. Un proxecto que fala de renovación xeracional, de diálogo intercultural en pé de igualdade, de amplitude de miras, e, en definitiva, das arelas dunha Galiza emigrante afastada dos tópicos e das mixtificacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Respetar as decisións adoptadas libre e democraticamente pola directiva do Centro Galego de Bruxelas a respecto da cesión da sala La Tentation para a celebración do concerto 12 horas per la Llibertat o vindeiro 8 de decembro.

2. Expresar o recoñecemento e orgullo polo inxente e intelixente labor cultural que está a desenvolver o Centro Galego de Bruxelas, e pola súa contribución a unha idea de galeguidade que interactúa e dialoga en pé de igualdade con outras culturas do mundo.

3. Desistir de calquera medida de presión ou represalia a respecto do funcionamento e financiamento con fondos públicos a que ten dereito o Centro Galego de Bruxelas.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 12:28:07

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 12:28:12

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 12:28:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 12:28:16

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 12:28:17

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 12:28:19



A MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sánchez Garcia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre a xestión dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

Exposición de motivos:

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola . Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, **NON AMPARA EN ABSOLUTO** as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :

- Proceso de eutrofía acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...





- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar os grupos desta comisión a seguinte documentación:



a. Documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparabilmente o medioambiente e a saúde das persoas.

b. Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación ó depósito de esterqueiras ó aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.

c. Documentación sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega como se pode observar nunha das fotografías.

d. Documentación sobre que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no tocante o transporte e distribución de xurros.

2. Abrir unha investigación contactando coas autoridades competentes para depurar responsabilidades sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da Comarca da Limia afectadas por este elevado nivel de contaminación.

3. Facer unha moratoria na comarca da Limia a instalación de novas granxas.

4. Ordenar as explotacións existentes e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.





Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/11/2018 12:56:22

David Rodríguez Estévez na data 27/11/2018 12:56:26



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez e Marcos Cal** e da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.ª**, referente as medidas en materia de reforma do actual paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa.

Exposición de motivos:

Unha das principais demandas dos veciños de Vilagarcía de Arousa é a reforma do paseo marítimo que vai dende Vilagarcía ata Carril xa que despois de case trinta anos o paseo está deteriorado, dificultando o tránsito de peóns.

Despois de máis de tres anos e a pesar das promesas do actual alcalde de Vilagarcía, isto non se cumpriu, quedando sen rematar a segunda fase do plan de obra e con claras deficiencias nas reformas que se levaron a cabo na primeira que presentan irregularidades tan só un ano despois do seu remate.

A pesar de estar recollido nos anteriores Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, este proxecto só rematou ca primeira das súas fases quedando así inacabado. Os cartos destinados para esta obra foron finalmente dirixidos ata outros asuntos que nada teñen que ver co municipio. Finalmente, quedou prorrogado o financiamento e remate da obra para o exercicio do ano 2019.

Despois de varias reunións co xefe da demarcación de Costas, Enrique Fernández Menéndez e coa xefa provincial de Costas, Cristina de Paz Cubrera o Goberno local foi incapaz de acadar un compromiso de Costas para investir na obra.

De igual forma que se atoparon recursos para outras iniciativas do ministerio esta obra non pode esperar a aprobación dos Presupostos Xerais que agora teñen que



ser aprobados polo Goberno de Pedro Sánchez e, tendo en conta que os vilagarcíans aspiran a rematar as obras antes do verán de 2019, dende En Marea entendemos necesario un compromiso de realización da obra con independencia do resultado da negociación dos seguintes orzamentos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2.^a**

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno Central para que de prioridade ao proxecto de reforma do paseo marítimo de Vilagarcía de Arousa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Julia Torregrosa Sañudo

Deputada, deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/11/2018 13:53:29

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2018 13:53:38



Julia Torregrosa Sañudo na data 27/11/2018 13:53:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martín Fernández Prado, María Antón Vilasánchez, Encarnación Amigo Díaz, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

No mes de marzo de 2018 iniciábanse as obras do último treito da A-54, a autovía entre Lugo e Santiago de Compostela. Estamos a falar, concretamente, dos traballos no treito entre Melide e Arzúa, case 17 quilómetros.

Previamente, en xullo do ano 2017, comezaban as obras do treito entre Palas de Rei e Melide, de 11,5 quilómetros de lonxitude. Polo que a día de hoxe son tres os treitos que están en obras e que restan para culminar a execución desta autovía, porque a estes dous tramos hai que engadir os 18,5 quilómetros entre Lavacolla e Arzúa, en execución desde 2009.

Estamos a falar dunha infraestrutura, libre de peaxe, que permitirá percorrer a distancia entre a capital galega e Lugo en menos dunha hora, en torno á metade do tempo que hai que empregar na actualidade pola estrada N-547.

Polo que, unha vez completada, a nova autovía erixirase nun grande eixe vertebrador do interior de Galicia, unindo Lugo coa Galicia máis atlántica, e posibilitando que os cidadáns de municipios intermedios, como Palas de Rei, Melide, Santiso, Arzúa ou O Pino, vexan acurtadas as distancias que os separan dos centros de actividade económica, administrativa, social e cultural.

Xustamente este foi un dos temas tratados na reunión mantida recentemente entre o presidente da Xunta de Galicia e o ministro de Fomento, e desde a Comunidade Autónoma trasladouse a necesidade de acurtar prazos para poder contar coa infraestrutura completa en servizo no Xacobeo 2021.



Recentemente, os medios de comunicación facíanse eco de que as obras pendentes da A-54 avanzaban a un ritmo máis lento do agardado e que o Ministerio de Fomento non concretaba prazos nin previsións para a posta en servizo dos tres tramos pendentes.

Aínda sendo conscientes da grande complexidade técnica e dos inxentes esforzos económicos que supón unha infraestrutura destas características, que conta cunha lonxitude de 94,2 km, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que desde o Ministerio de Fomento se concreten os prazos previstos e se axilice, ao máximo, os traballos para culminar o que é unha infraestrutura prioritaria para a mobilidade e o reforzo da seguridade viaria dos usuarios e dos veciños que cada día fan o percorrido entre Lugo e a capital de Galicia.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

- 1.- Solicitalle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos tres treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.
- 2.- Demandarlle axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que o treito Lavacolla-Arzúa poida estar finalizado no primeiro semestre de 2019; e que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020”.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 40910
Data envío: 27/11/2018 14:20:11.986

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/11/2018 14:10:59

Martín Fernández Prado na data 27/11/2018 14:11:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/11/2018 14:11:39

Maria Antón Vilasánchez na data 27/11/2018 14:11:49

Jaime Castiñeira Broz na data 27/11/2018 14:11:58

Diego Calvo Pouso na data 27/11/2018 14:12:13

Jacobo Moreira Ferro na data 27/11/2018 14:12:47

Marta Novoa Iglesias na data 27/11/2018 14:12:59

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/11/2018 14:13:11

Gonzalo Trenor López na data 27/11/2018 14:13:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/11/2018 14:13:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO-HVYUknWR-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa á situación da seguridade industrial en Galicia

Exposición de motivos

Galicia é historicamente unha das autonomías con máis sinistralidade, en concreto no ano 2017 a cuarta comunidade con maior sinistralidade, sufrindo 40 mortos en xornada laboral en 2017.

A situación é moi grave e atribuímos esta preocupante evolución negativa á mala xestión da prevención e á precariedade no emprego.

No ano 2017, os accidentes con baixa laboral aumentaron nun 9,18% con respecto ao ano anterior. Ao longo do ano producíronse en Galicia 30.328 accidentes de traballo con baixa.

Os accidentes de traballo con baixa aumentaron moito máis que a ocupación e a creación de emprego, xa que en 2017 se produciron, como xa dixemos, un 9,1% máis de accidentes que en 2016 --2.534 máis--, mentres a poboación ocupada (segundo os datos da enquisa de poboación activa) só se incrementou nun 1,2%.

Como dicíamos, unha das causas deste preocupante incremento esta na galopante precariedade do emprego:





- O 91 % dos contratos rexistrados son temporais e, deles, o 31 % ten unha duración inferior á semana. Quen pode coñecer as medidas de seguridade se só está no posto de traballo unha semana? Como se pode formar en seguridade a unha persoa nestas condicións?
- Os accidentes laborais sitúanse no 2,4% entre as persoas asalariadas con contrato indefinido e no 4,5% entre as asalariadas cun contrato temporal.

Imos analizar agora a situación da prevención e da seguridade industrial:

Toda a normativa de seguridade industrial provén da Lei de seguridade do 1995, desenvolta nun Decreto do 1997.

As Competencias Autonómicas desenvolvéronse na Lei 9/2004 da Xunta. Posteriormente fixéronse ordes con desenvolvemento regulamentario pero na realidade non foron concretadas na maioría dos casos ca elaboración de normativas concretas aplicables ás situacións reais de control de riscos, polo que a súa aplicación é moi pouco efectiva.

Segundo as nosas informacións, a xestión e control da prevención de riscos e a súa aplicación na seguridade industrial non se fai de maneira coordinada, o que nos parece un erro moi grave. Non hai transferencia de información nin coordinación de actuacións.

Non hai rexistros actualizados de instalacións potencialmente perigosas.

Segundo as informacións que recibimos, a situación da inspección en seguridade, dependente da Consellería de Industria, é de inoperancia absoluta. Por exemplo as 59 grandes empresas de alto risco industrial, teñen que ter un informe anual. As nosas informacións din que non se fan en moitos casos.





Non se creou o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial.

Relaxáronse os criterios para certificar as compañías de control de seguridade. O Censo de empresas de control de seguridade é incompleto e moi pouco esixente. Empregos, tipo de profesionais, etc. En todo caso estímase que haberá uns 100 inspectores entre todas as empresas certificadas, sen unha garantía real da cualificación profesional de ditos inspectores.

Sería necesaria unha avaliación da calidade dos controis para evitar o intrusismo. Por exemplo hai empresas de control que fan 2.000 inspeccións de ascensores con dous postos de traballo.

As certificacións negativas non se tramitan. Existen moitas instalacións que deberían estar precintadas e seguen en funcionamento sen control.

O descontrol é absoluto na metroloxía o que fai que a seguridade preventiva estea ao albur do aspecto das instalacións. Non hai practicamente inspeccións destes equipos nin instalacións certificadas.

Non hai estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais, nin análises das causas. Dise simplemente que houbo "Un incendio por cortocircuíto", non se analiza por que sucedeu.

Os plans de inspección das empresas non teñen implicación nin control da administración nin intencións de sacar consecuencias dos resultados. Por exemplo Fandicosta tiña unha inspección desfavorable. Seguiu funcionando e ardeu aos 7 meses.





Os orzamentos da Xunta de Galicia para seguridade industrial son totalmente anecdóticos.

Por último unha reflexión que a Xunta de Galicia debería trasladar ás empresas de maneira proactiva: unha boa inspección de seguridade beneficia moito a competitividade das empresas.

Polo exposto, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver as accións necesarias para corrixir os preocupantes datos de accidentes na industria que nos levan a ser unha das Comunidades con maior sinistralidade.
- 2.- Desenvolver normativas concretas e actualizadas a realidade da industria dos nosos días que posibiliten unhas inspeccións e controis de seguridade verdadeiramente efectivos.
- 3.- Actualizar e publicar o rexistro de instalacións potencialmente perigosas.
- 4.- Incrementar os funcionarios da Consellería de Industria directamente implicados nas tarefas de inspección de seguridade.
- 5.- Garantir e controlar que as 59 grandes empresas de alto risco industrial presentan os seus informes anuais en prazo e forma.





- 6.- Crear o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial.
- 7.- Desenvolver un regulamento que estableza novos criterios máis esixentes e concretos para certificar as compañías de control de seguridade.
- 8.- Tramitar de maneira áxil todas as certificacións negativas de inspeccións de seguridade. Implementar en prazos razoables e o máis curtos posibles as actuacións administrativas que obriguén ás empresas a subsanar as situacións que provocaron a certificación negativa.
- 9.- Certificar e facer inspeccións das instalacións de metroloxía e control de seguridade das instalacións industriais.
- 10.- Realizar e publicar estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais, analizando as súas causas e proponendo solucións técnicas e de protocolos de traballo que os poidan evitar.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 27/11/2018 16:31:06

Luis Villares Naveira na data 27/11/2018 16:31:15



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A incapacitación de adultos require dunha orde xudicial que establece unha tutela da persoa a cargo doutra, familiares na maioría dos casos, ou dalgunha institución. En Galicia a Fundación Galega para a Tutela de Adultos (Funga), dependente da Xunta de Galicia, é o ente encargado na actualidade de tutelar a preto de 3.500 persoas adultas, encomendadas polos xuíces e xuízas por considerar que esa era a mellor opción.

Segundo consta na próxima páxina web da Consellería de Política Social, a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas é unha entidade pública constituída pola Xunta de Galicia, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e co seu patrimonio afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral que se conteñen no artigo 6 dos seus Estatutos. Ten carácter permanente, duración indefinida, e o seu ámbito territorial principal de actuación é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Funga naceu no ano 1996 co nome de Fundación Galega para a Tutela de Adultos, ante a necesidade de prestar unha atención persoal e xurídica especializada ás persoas maiores de idade con capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento de modificación da capacidade de obrar, e das que os xuíces atribúen á Xunta de Galicia a súa protección mediante as figuras xurídicas da tutela, curatela, defensa xudicial, ou administración de bens.

Recentemente o Fiscal Superior de Galicia entregaba no Parlamento de Galicia a memoria anual do seu departamento correspondente a 2017, no que se destaca como elemento principal do informe que “os expedientes de incapacidade incoados en Galicia no últimos cinco anos incrementáronse nun 32 %, ao pasar de 2.600 no ano 2013 a 3.455 en 2017”. Segundo a memoria da Fiscalía, en 2017 as demandas de incapacidade presentadas polos fiscais foron preto de 1.200, cifra



similar á do ano anterior. Con todo, as demandas presentadas por particulares disparáronse dende un número similar en 2016, unhas 1.200, a máis de 1.800 en 2017. Igualmente, respecto a 2013 os expedientes de internamento de adultos aumentaron un 24 %, pasando de 3.921 a 4.637.

A pesares de que boa parte dos adultos incapacitados son tutelados por familiares, a Xunta de Galicia supervisa xa a preto de 3.500 e, a pesar de admitir tamén que a cifra seguirá aumentando, só destina a esas tutelas a 23 profesionais, cuxa supervisión acaba desviando cara a outras entidades sociais ante a súa propia incapacidade para facelo.

De feito, o Goberno galego reconece na propia memoria do Proxecto de orzamentos para 2019, que o número de persoas tuteladas vai seguir aumentando polo “progresivo envellecemento da poboación”, e o “incremento nos últimos tempos do número de persoas diagnosticadas con enfermidades mentais”, factores aos que engade “o desarraigamento familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación”, a pesares do cal non prevé incrementar os recursos humanos. De feito para dita fundación só se consignan nos orzamentos da Xunta de Galicia, 1.012.026 €.

Ademais, en marzo de 2015, ao quedar baleiro o posto de dirección-xerencia da Funga, convocouse un proceso selectivo que foi declarado deserto máis dun ano e medio despois. Con todo, non foi ata maio deste ano, tras máis de tres anos vacante, que o Goberno galego cubriu ese posto, encomendándollo a un cargo do PP de Ferrol, Juan José Couce Prego, ex asesor do anterior Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar durante a X lexislatura o orzamento dedicado á Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), para dotala de maneira urxente dos recursos humanos e materiais suficientes, co obxectivo de que se cubra a demanda existente e se garanta unha atención de calidade.
2. Realizar, no prazo de seis meses, unha avaliación de como se está levando a cabo a coordinación entre a Funga e os servizos sociocomunitarios.
 - a) Os resultados da mesma recolleranse nun informe que deberá conter as posibles melloras a implementar para mellorar esta coordinación, o cronograma



de implementación das mesmas, e irá acompañado da dotación orzamentaria correspondente.

b) Farase entrega de dito informe ao Parlamento de Galicia.

3. Garantir a cualificación necesaria para a cobertura da praza de director-xerente da Funga, convocando un concurso público para a cobertura desta praza no que se primen a formación específica (titulación, cursos...), e a experiencia laboral nesta materia.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 17:06:07

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 17:06:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2018 17:06:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As mulleres de idade avanzada, a miúdo con escasos recursos económicos e dependentes economicamente das súas parellas, atópanse especialmente expostas ao risco de violencia, exercida baixo formas complexas e sutís que levan a invisibilizar o problema. O progresivo envellecemento da poboación e a súa repercusión nas situacións de dependencia funcional e emocional favorecen que as persoas maiores sexan un dos grupos sociais máis susceptibles de sufrir situacións de abuso, malos tratos e/ou violencia. Se as persoas maiores son un colectivo de seu case inexistente no debate mediático, os abundantes casos de violencia machista a partires dos 65 anos quedan socialmente silenciados ante a escaseza de denuncias e moi especialmente de acompañamento, o que fai aínda máis difícil a situación de moitas mulleres que levan décadas sufrindo en silencio.

Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial das 54.209 denuncias interpostas por malos tratos, só 1.042 (1,9 %) corresponden a mulleres maiores de 65 anos. Pero isto non se debe confundir cunha menor incidencia. A denuncia non é fácil, dependen economicamente do agresor, adoitan estar illadas e con falla de apoio da súa contorna. Ademais, a súa idade dificultalles o refacer as súas vidas libres de violencia.

Segundo os datos contidos no informe *Femicides and other murders of women in Spain. Annual Report 2015*, 175 mulleres maiores de 60 anos foron asasinadas entre 2010-2015, o 25,7 % do total. A taxa de prevalencia nese período é de 4,9 mulleres asasinadas por millón, máis elevada que a prevalencia do total de casos (4,4). Galicia ten unha das taxas de prevalencia máis altas do estado, somos a cuarta comunidade autónoma con maior taxa, superior á media estatal, sen que ata o de agora se tomaran medidas concretas, máis aló de incluílo en algunhas guías ou charlas puntuais, pero nada específico para dar formación concreta para detectar estas violencias, articular unha atención especializada, e axudas para que



poidan refacer a súa vida, mantendo no silencio e no esquecemento a miles de galegas que, durante décadas, foron maltratadas polas súas parellas.

A Xunta de Galicia, respondía recentemente a preguntas rexistradas polo noso grupo parlamentario, que segundo os datos que figuran no “Informe anual de violencia de xénero 2017”, o ano pasado beneficiáronse do programa de axudas periódicas un total de 417 mulleres, das que tan so 18 eran maiores de 65 anos (o 4,32 por cento). No que se refire ás axudas de pago único, que chegaron a 66 vítimas, só dúas eran maiores desa idade (o 3 por cento). Pola súa banda, na rede galega de acollida rexistráronse como usuarias 3 mulleres maiores de 65 anos, o que representa o 2,07 por cento do total. Os datos indícanos que nin se está actuando o suficiente nin pola senda axeitada, para detectar esta violencia e poñerlle freo.

Tendo en conta o contexto de desprotección ante a violencia machista que sofren na nosa comunidade autónoma as mulleres maiores, e a ausencia de recursos públicos específicos para combatela, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos necesario impulsar programas específicos onde estas mulleres poidan identificar o problema de violencia de xénero que sofren elas ou outras mulleres da súa contorna e apoialas, coñecendo os recursos que están á súa disposición.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha, durante a X lexislatura, campañas específicas contra a violencia machista dirixidas a persoas maiores de 65 anos, co fin de visibilizar esta problemática, mellorar a detección destes casos, e fomentar a súa denuncia.
2. Impulsar, elaborar e desenvolver durante a X lexislatura, un programa de formación, dotado de orzamento, para a detección temperá de violencia machista dirixido ás profesionais que traballan en residencias de maiores, centros de día, axuda a domicilio, Teleasistencia, así como a outros colectivos profesionais cuxa actividade se desenrole no ámbito dos coidados e atención ás persoas maiores, coma os e as profesionais dos centros de atención primaria da nosa comunidade autónoma.



3. Realizar, nun prazo de seis meses, un informe específico, que a partires de entón se publicará anualmente, acerca da incidencia da violencia machista nas mulleres maiores de 65 anos na nosa comunidade autónoma, que recollerá ademais dun análise pormenorizado dos datos, enquisas ás persoas maiores e aos profesionais que se dedican aos seus coidados, así como os recursos públicos dispoñibles para combatela.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 17:09:04

María Luisa Pierres López na data 27/11/2018 17:09:10

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 17:09:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2018 17:09:19



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez, Marcos Cal e Julia Torregrosa Sañudo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentaa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**, referente as medidas en materia de melloras na seguridade na recta de Rubiáns.

Exposición de motivos:

Resulta necesaria a idea de mellorar a seguridade dos nenos e nenas que forman parte do centro escolar de Rubiáns e teñen que transitar un dos últimos tramos da estrada N-640 que non conta coa sinalización adecuada para tratarse dunha estrada preto dun centro escolar de menores.

A asociación de veciños leva anos reivindicando a necesidade de sinalización da parada de autobús e dun paso peonil regulado coa sinalización dun semáforo. Ademais xunto a estas demandas existen tamén as da asociación dos pais e nais deste centro posto que existen condicións favorables de visibilidade e marxe de manobra para poder sinalizar a parada de autobús por distintos medios

Por todo isto presentamos a seguinte Proposición para o seu debate na **Comisión 2ª**.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno Central para que habilite a correcta sinalización do tramo da estrada correspondente ás inmediacións do centro educativo.





Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Julia Torregrosa Sañudo

Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 27/11/2018 17:08:42

Antón Sánchez García na data 27/11/2018 17:08:51

Julia Torregrosa Sañudo na data 27/11/2018 17:09:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á demanda por parte do goberno galego de coeficientes redutores para os traballadores e traballadoras do sector naval.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos dereitos conquistados pola clase traballadora é o dunha pensión ao remate da súa vida activa como traballadores e traballadoras en activo. Durante a última década puidemos ver como a crise socioeconómica era empregada como desculpa para recortar dereitos nesta materia, medidas regresivas que desenvolveron gobernos do PP e do PSOE no Estado co silencio da Xunta de Galiza malia afectar ás maiorías sociais deste país.

Unha das cuestións que teñen ficado conxeladas é o avance canto á mellora das condicións de xubilación para aquelas profesións máis penosas. Cómpre recordar que o Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social recolle no seu artigo 206 como a idade mínima de acceso á pensión de xubilación pode ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as e os traballadores acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza. Desta forma, neste marco sitúanse as bases do procedemento a seguir para establecer estudos conducentes a regular esta posibilidade cando falemos de condicións laborais onde as posibilidades de intervención nas mesmas non poidan derivar nunha solución suficiente para dita penosidade. Este procedemento é desenvolvido ao abeiro do Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no Sistema da Seguridade Social.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos sectores que deben avanzar no recoñecemento de dereitos e, máis concretamente, das súas condicións de xubilación, é o sector naval. Dunha banda, cómpre recordar a importancia no noso país do sector, que sobreviviu ás diferentes reconversións e aos vetos de facto por parte do goberno central para a construción civil na ría de Ferrol, por exemplo. Doutra banda, da análise das súas condicións de traballo só pode extraerse a pertinencia do establecemento de coeficientes redutores, máis aínda se observamos outros sectores similares que si teñen desenvolvido este dereito.

A actividade no sector naval é dura tanto pola propia actividade, caracterizada por unha alta esixencia física, como polo ámbito onde se desenvolve, maioritariamente a expensas da climatoloxía e nunha contorna que vai mudando segundo o encargo a desenvolver. Isto repercute nun nivel de riscos laborais considerábeis que non é posíbel paliar na totalidade coa prevención e a actividade leva aparelhada un importante desgaste. Así mesmo, cómpre recordar que este sector leva vivindo moitos anos as consecuencias da exposición ao amianto e a demora na súa prohibición no Estado español, algo que sumado ao seu longo período de latencia fai que sexan a estas alturas xa moitos os traballadores mortos ou afectados polo contacto con este produto. Un





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo que evidencia a necesidade de estudar e profundar nas características desta actividade e avaliar as melloras das condicións que se poidan poñer en marcha.

Con base a estas consideracións, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Dirixirse ao Estado para demandar a realización de todas as actuacións necesarias para o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación par o persoal empregado no sector naval, entendendo por tal tanto o sector público como privado incluíndo as e os traballadores tanto das empresas principais como das auxiliares.

2. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, cantos estudos sexan precisos para contribuír a estudar factores que contribúen a determinar as condicións dos e das traballadoras do sector naval de cara a implantar un sistema de coeficientes redutores no sector.”

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 17:30:52

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 17:30:57

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 17:30:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 17:31:00

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 17:31:01

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 17:31:03



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre o 18 e o 19 de novembro de 2018 o río Fontecova e o Ponte Labrada desbordáronse en Viveiro, con motivo das intensas choivas, provocando unha tromba de auga que inundou a localidade mariñá. Vivendas, garaxes, vehículos e baixos comerciais víronse afectados e unha muller morreu na súa casa da zona da Xunqueira a consecuencia da riada.

Todo apunta a que a formación dunha presa con árbores e maleza agravou as consecuencias das tormentas, que deixaron sobre Viveiro intensas choivas, sobre todo, entre as nove e as once da noite, acumulándose o domingo un total de 80,7 litros por metro cadrado segundo os rexistros da estación de Penedo do Galo en Viveiro. De feito, a Xunta estima que en 15 minutos caeron 30 litros por metro cadrado.

Logo da riada, foron numerosas as voces –incluída a dunha concelleira do PP de Viveiro, que dimitiu do seu cargo– que alertaron dunha deficiente limpeza da conca do río, o que tería agravado as consecuencias da riada.

De feito, o propio Concello de Viveiro e veciñanza da localidade tiñan requirido a Augas de Galicia a limpeza do río. A Conselleira de Infraestruturas e Vivenda sinalou que en setembro os técnicos da Xunta terían comprobado que na zona “non había obstáculos, senón herbáceas”. Asemade, a Xunta sinala como explicación da riada as choivas extraordinarias.





Logo da riada, o Concello de Viveiro acometeu traballos de dragaxe e limpeza da zona, ante risco de novas inundacións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a poñer a disposición do Concello de Viveiro os medios necesarios para a recuperación das zonas afectadas polas riadas e para a prevención do risco de desbordamento dos seus ríos.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Deputada, deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/11/2018 17:51:50

Luis Villares Naveira na data 27/11/2018 17:52:03



Antón Sánchez García na data 27/11/2018 17:52:10



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Non cabe dúbida que un dos maiores problemas aos que se enfrontan actualmente as persoas que traballan no mar, é a ausencia de relevo xeracional, miles de embarcacións en Galicia que non contan con quen lles dea continuidade.

Desde o Partido Socialista sempre criticamos que as medidas da Consellería do Mar non son suficientes, e desde que governa o PP non se tratou esta cuestión coa seriedade que precisa. Sirva de exemplo que no programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, a execución orzamentaria no ano 2017 foi dun 37 %, deixando polo tanto 6 euros de cada 10 sen executar.

Nesta ocasión concretamente referímonos á partida destinada ás axudas ás persoas mozas pescadoras, que no programa 723A dos orzamentos do ano 2017 tiña un importe de 500.000 euros e no ano 2018 unicamente 315.000. Redución que non nos parece adecuada tendo en consideración a cuestión de falta de relevo xa mencionada.

O que nos parece máis grave aínda é que o 11 de setembro de 2018, estes 315.000 euros foron transferidos do programa 723 A, cara ao programa 723 B de “medidas de comercialización”. De acordo co expediente indícase que:

“A aplicación con cargo á que se solicita, a transferencia negativa conta con crédito suficiente”. Engade, “A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas”. Deste xeito a Consellería do Mar, elimina a axuda de 315.000 euros á mocidade pescadora, para o ano 2018.

Cabe cuestionarse esta redución de crédito a favor da xente nova, cando o Plan estratéxico galego 2015-2020 (PEG) remata coa frase: “Unir con criterio o presente e o futuro”, e elimínanse precisamente partidas, xa reducidas, que favorecen o relevo xeracional. Un motivo pode ser que o Goberno galego marca uns obxectivos neste que, non obstante, nos indicadores que avalían a evolución do PEG, non parece haber ningún indicador sobre o relevo xeracional.



A realidade indica que 4.400 embarcacións galegas quedarán sen relevo nos vindeiros anos, se non se toman medidas.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a devolver o valor inicial da partida, Axuda inicial ás persoas mozas do programa 723 A, aos valores de 2017.

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/11/2018 11:19:40

Patricia Otero Rodríguez na data 28/11/2018 11:19:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2018 11:20:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Real Decreto 1.078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A BCAM 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no REGULAMENTO (UE) N 1306/2013 do PARLAMENTO EUROPEO e do CONSELLO de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os Estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos Estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os Estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os Estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os Estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo (*BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias*)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o perxudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo a pregunta é ¿por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

¿Cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortiguadores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros, pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Elaborar un informe no que se analicen os aspectos discriminatorios para coa realidade galega do Real Decreto 1378/2018 de 8 de novembro, que renova a prohibición da aplicación de zudres mediante os sistemas de prato ou abano ou canóns.

-Deixar sen efecto o citado decreto por medio das excepcións que contempla para os gandeiros condicionados pola PAC.

-Elaborar unha táboa de boas prácticas agrícolas, adaptadas as nosas condicións edafolóxicas, climáticas, especies de gando e granxas, etc. que non supoñan máis investimento en maquinaria e que amortiguen as emisións de amoníaco á atmosfera e de nitratos ós acuíferos.

-Elaborar medidas agroambientais que inclúan o mantemento de sebes, peches de pedra, vexetación de ribeira, árbores illadas, protección de elementos arqueolóxicos etc que poñan en valor os servizos e bens públicos para preservar a calidade das augas, evitar a erosión do solo, o mantemento da paisaxe tradicional galega, etc, e non se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

penalice ós agricultores por manter estes elementos singulares da paisaxe como pasa en moitos casos ó considerar estas superficies como non admisibles para o cobro da PAC.

-Establecer medidas para fomentar a extensificación da produción gandeira, en favor do medio ambiente, ó reduci-las emisións de amoníaco á atmósfera, e para favorece-la seguridade alimentaria do consumidor, por se reduci-la necesidade de utilización de antibióticos que supón a cría do gando ó aire libre, no pasto.

-En todo caso elaborar un informe onde se contemplen as excepcións de zonas (pendentes, dimensión de parcelas, dimensións de explotacións, pastoreo, edafoloxía...) das prohibicións a respecto do manexo dos puríns agrícolas.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2018 12:49:42

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2018 12:49:51

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2018 12:49:52

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2018 12:49:54

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2018 12:49:55

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2018 12:49:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Con motivo do baixo grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017 por parte do Goberno galego, desde o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha serie de preguntas para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

Visto o informe presentado pola Xunta de Galicia sobre o grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, e sobre todo comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei pendentes e os anunciados no Plan anual de 2018, vémonos de novo na obriga e na necesidade de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, xa que nos períodos de sesións deste ano, das once leis anunciadas, unicamente ten presentado para debate parlamentario o preceptivo Proxecto de lei de orzamentos xerais para 2019, acompañado dun Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas cuxo obxecto excede gravemente o marco regulador no que pode incidir.

Estamos así, diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar unha mellor planificación da súa actividade normativa.

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018





Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/11/2018 12:08:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2018 12:09:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/11/2018 12:09:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/11/2018 12:09:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, relativa á fenda de xénero na sanidade.

Exposición de motivos

A Organización Médica Colexial (OMC) presentou o informe ‘Diagnóstico de género de la profesión’, un documento que reflexa en datos a situación e as diferenzas que se producen entre homes e mulleres.

As mulleres ocupan só o 20% dos postos de dirección, aínda que son máis do 50% da plantilla médica no Estado. A fenda salarial entre médicos e médicas supera o 27%.

As mulleres son o 40% do persoal docente e investigador universitario nas áreas de coñecemento da Saúde, pero en determinadas especialidades non chegan ao 10%.

Existe un 2,1% de paro na profesión médica e, desa porcentaxe, o 63% son mulleres. O índice de médicas desempregadas menores de 40 anos tamén é superior ca o dos seus compañeiros varóns.

No que respecta ás excedencias, a maioría son mulleres de menos de 40 anos (70%), reflexando un claro impacto da maternidade na carreira profesional.

Se visualizamos a porcentaxe de mulleres colexiadas, nos seis últimos anos ingresaron cinco veces máis mulleres ca homes, inducendo un claro fenómeno de feminización médica. Malia isto, o 88% das presidencias e o 76% das vicepresidencias dos Colexios Médicos oficiais son homes. Hai un 36% menos de mulleres que de homes nas directivas. Nos órganos de goberno do Consello Xeral de colexios médicos, a representación feminina é do 16%.





A desigualdade salarial, a conciliación, a falta de presenza de mulleres na investigación, na dirección de centros e nos espazos de decisión é un sesgo de xénero que fomenta a invisibilidade das mulleres na investigación, a formación de novas profesionais e os coidados asistenciais.

Aínda que as mulleres son maioría nos estudos universitarios de Medicina (60% do alumnado que remata os estudos), o seu acceso á docencia é limitado e máis aínda nos postos de responsabilidade.

O acceso ao primeiro emprego en Medicina é elevado, malia isto a análise de xénero revela que ás mulleres que buscan o seu primeiro traballo cústalles máis atopalo e tamén son elas o colectivo no que a afectación do desemprego é superior.

A porcentaxe de persoas en excedencia ou “inactivas” tamén é significativamente maior entre mulleres, especialmente cando os datos se refiren a persoas en idade reprodutiva.

As mulleres supoñen máis da metade da plantilla médica, pero só o 20% están en postos de dirección. Ademais hai menos mulleres ca homes con praza en propiedade e elas encadean maior número de contratos ao ano.

Respecto aos modelos retributivos a evidencia é que existe unha fenda de xénero de máis do 27% entre os salarios dos homes e das mulleres, con tendencia ao incremento.

O informe do Consello de Colexios médicos constata tamén que, cando nas xerarquías laborais hai maioría de homes, estas afectan aos sistemas de cooptación que adoitan priorizar tamén aos homes. Na medida en que os postos están masculinizados, o complemento salarial recíbeno tamén máis homes ca mulleres.

A xestación conleva que as mulleres deixen de facer gardas, e isto supón unha merma de ingresos, converténdose nunha perda retributiva por condición de xénero.





Imponse, ante esta realidade, a creación dunha cultura de fomento e busca activa de igualdade, eliminando os condicionantes que impidan unha presenza igualitaria en todos os espazos.

Por todo isto, O Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

- Desenvolver políticas para o fomento da igualdade entre as e os profesionais sanitarios.
- Que se protexan as necesidades de conciliación da vida familiar e profesional.
- Que a situación de maternidade non supoña unha merma económica pola non retribución de gardas.
- Que se deseñen estudos para coñecer a realidade galega no que respecta ao colectivo médico e a todos e cada un dos colectivos sanitarios.
- Desempeñar un plan estratéxico específico para o tratamento da desigualdade de xénero na administración sanitaria.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 14:08:08

Luis Villares Naveira na data 28/11/2018 14:08:16





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Flora Maria Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, relativa á necesaria atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero.

Exposición de motivos

A saúde é unha faceta primordial da vida das persoas e non resulta allea ao contexto socioeconómico no que estas se desenvolven.

Está absolutamente asumido que o factor que máis condiciona a saúde das persoas non é o sistema sanitario, senón os determinantes sociais que a acompañan. E, nas mulleres, estas circunstancias son manifestamente máis penosas que nos homes na medida en que vivimos nunha sociedade patriarcal na que a desigualdade todo o asolaga. Desigualdade económica, laboral, fenda salarial, precariedade, desigualdade nos coidados, perda de oportunidades, violencia machista. Neste contexto a saúde das mulleres parte con desvantaxe.

Pero, ademais, a abordaxe das patoloxías adoece dun sesgo absolutamente androcéntrico.

As mulleres vivimos máis, pero en peores condicións ca os homes. Temos unha peor autopercepción de saúde, maior morbilidade, consumimos máis fármacos e sufrimos en maior medida tanto o sobre como o infradiagnóstico. Existen dinámicas que cuestionan o noso relato de malestares. Isto induce a unha infantilización e a un paternalismo que non respecta a nosa autonomía.





A ciencia está construída sobre os elementos do patriarcado. Estúdanse as patoloxías en base ao coñecemento propio do modelo de presentación masculino. Determinábase que a sintomatoloxía que de modo habitual presentamos as mulleres é “atípica”, utilizando como gold estándar os síntomas dos varóns. O patriarcado determina como somos atendidas, limita a nosa autonomía tomando decisións sobre os nosos corpos, os nosos partos, os fármacos que tomamos e os fillos que decidimos non ter.

Sufrimos sobre e infradiagnóstico polo sesgo de xénero: nas enfermidades mentais e nas somáticas (se é que se poden desagregar con esa facilidade). Medicalízase en exceso a quen máis malestares cotiás manifesta, as mulleres. As situacións que inducen malestar vital (falta de cartos, sobrecarga de coidados, perda de oportunidades) trasládanse ao sistema sanitario en forma de síntomas diversos. Cómpre reflexionar sobre a necesidade de identificalos e buscar solucións empoderadoras non farmacolóxicas para as mulleres.

Esquécense as enfermidades que afectan ás mulleres en exclusiva ou de modo maioritario. Invisibilízanse, minusvalóranse, invéstiganse menos, diagnóstícanse tardiamente. Por iso é preciso falar de patoloxías como a endometriose, a fibromialxia e outras.

As diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes non xustifican en ningún caso as diferenzas en saúde. Cómpre o manexo das desigualdades sociais para unha abordaxe integral e realmente xusta e igualitaria da saúde.

Sufrimos violencias sistemáticas e sistémicas: a machista, a institucional, a derivada dun reparto carente de ética dos coidados, e tamén a obstétrica. Esa que nos impide ser donas do noso proceso de parir, esa que nos infantiliza, limita a nosa autonomía e intervéen de modo exacerbado os nosos procesos naturais.





Faise necesaria unha maior sensibilización do persoal sanitario na detección, manexo e acompañamento das mulleres vítimas de violencia machista. Así como no compromiso da súa denuncia estimando o mellor momento para as mulleres.

Ademais existe un elemento adicional de desigualdade na saúde das mulleres: a asunción da contracepción sen corresponsabilidade nos varóns ou, no seu defecto, a necesidade de ter que afrontar no propio corpo o aborto dunha xestación non desexada. Mesmo afrontando unha serie de dificultades que as propias institucións colocan para evitar facilitar a vivencia, tales como a derivación a centros fóra da comunidade ou a limitación da autonomía das adolescentes (que, noutros eidos da súa saúde, manteñen a capacidade legal para decidir).

Sufrimos en maior medida a pobreza e a exclusión, porque se hai un factor realmente discriminatorio no acceso á dignidade e aos recursos, é o de ser muller. E se falamos dunha muller migrante, maior motivo.

As mulleres tamén pagamos coa nosa propia integridade física, psicolóxica e social os prezos dun reparto desigual dos coidados. Dos fillos e fillas, de familiares dependentes, en ausencia dunha cultura ética de corresponsabilidade social e da necesaria intervención da administración asumindo medidas de reequilibrio.

Debemos desenmascarar a desigualdade e o patriarcado que aínda permanece na nosa sociedade. Temos que identificalo, visibilizalo, combatelo e construír un modo máis igualitario de abordar a saúde das mulleres, o seu empoderamento, a autonomía para ser máis iguais, máis libres, para máis saudables e máis felices.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a :

1. Inducir dinámicas de formación en perspectiva de xénero das e dos profesionais públicos de saúde, incluíndoa nos plans de formación continuada e puntuando esta na baremación dos acordos de produtividade.
2. Traballar pola eliminación da desigualdade en termos de saúde entre mulleres e homes mediante a abordaxe e o manexo integral dos determinantes que a sosteñen.
3. Inducir a elaboración de Guías de Práctica Clínica para a abordaxe con perspectiva de xénero dos diversos problemas de saúde.
4. Fomentar a formación integral e a sensibilización para a detección de violencia machista especialmente no entorno da Atención Primaria.
5. Facer coñecedoras/es aos profesionais da saúde dos recursos á súa disposición para o abordaxe de problemas derivados da violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 16:52:27

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2018 16:52:34

Luis Villares Naveira na data 28/11/2018 16:52:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar de **En Marea** a través dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre a oportunidade de Galicia coa nova Política Agraria Común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Política Agraria Común, máis coñecida como PAC, creada no ano 1962, constitúe unha das políticas fundamentais e un elemento esencial no sistema institucional dentro da Unión Europea, para dous sectores estratéxicos como son a agricultura e a gandería. Os seus obxectivos recóllense no artigo 39 do Tratado de Funcionamento da UE e son os seguintes:

- a) incremento da produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico, asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular da man de obra,
- b) garantir un nivel de vida equitativo á poboación agrícola, en especial, mediante o aumento da renda individual das persoas que traballan na agricultura,
- c) estabilizar os mercados,
- d) garantir a seguridade dos abastecementos,
- e) asegurar á persoa consumidora subministros a prezos razoables.

O 1 de xuño de 2018, a Comisión Europea presentou a proposta lexislativa para o futuro da Política Agraria Común para o período posterior a 2020. Para este





período 2021-2027, a Comisión Europea conta cun orzamento de 365.000 millóns de euros, o que implica que a PAC representa un terzo do orzamento total da UE a dividir entre as axudas directas a agricultura e medidas de mercado (1º Piar) e desenvolvemento rural (2º Piar).

Aquí e agora, os Estados membros teñen especial importancia xa que poden transferir ate o 15% das asignacións da PAC entre os pagos directos e o desenvolvemento rural e poden transferir un 15% adicional do piar 1 ao 2 para medidas medioambientais e climáticas sen cofinanciar.

Ademais, existirá un programa de investigación da UE Horizonte Europa para apoiar de xeito específico á investigación e á innovación na alimentación, a agricultura, o desenvolvemento rural e a bioeconomía, e que contará cun orzamento de 10.000 millóns máis.

Para o período entre os anos 2014-2020, o orzamento da PAC sitúase nos 408.3100 millóns de euros, dos que 308.730 millóns son para pagos directos e medidas de mercado, o primeiro piar, e 99.580 millóns de euros ao desenvolvemento rural, ou segundo piar.

No ano 2017 a Comisión Europea enviou a comunicación para que se fixesen as propostas lexislativas.

Non podemos obviar a importancia que ten a PAC para Galicia, un pobo eminentemente rural, gandeiro e agrario, e pesqueiro que ten que aproveitar esta oportunidade para atraer e fixar poboación, para imbricar estes sectores claves no noso país e mellorar o tecido social e económico que permita desenvolver estas actividades sen ten que recorrer a emigración garantindo un nivel de vida equitativo ás persoas agricultoras e gandeiras e garantir tamén uns prezos na alimentación para as consumidoras.





É unha grande oportunidade para Galicia para garantir que mediante o cumprimento dos nove obxectivos marcados na PAC se contribúa a mellorar estes sectores estratéxicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para:

- 1.- Aportar as modificacións ao Regulamento UE n.º 1308/2013 de xeito consensuado cos sectores agrícolas e gandeiros, e coas especificidades de Galicia como zona especialmente desfavorecida pola súa orografía, a dispersión poboacional e coa elaboración dun plan segundo as Rexións, con adaptación das boas prácticas agrarias ás circunstancias climáticas, orográficas e segundo o tamaño das explotacións, nomeadamente dun Plan Rexional Galego.
- 2.- Garantir no que respecta aos obxectivos xerais e específicos do FEAGA E FEADER, artigos 4 e 5 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 del Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, sobre a financiación, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, asegurando o financiamento por zonas desfavorecidas, orografía complexa.
- 3.- Garantir as emendas que apoien ao sector gandeiro e nomeadamente ampliar no artigo 12 a) a anual das axudas públicas dos cultivos, 12.b) de xeito anual, no 12.c) engadir os gandos ovino e cabrún, e anualmente no apartado 12.d) anualmente e ampliar a un novo punto 12)e para o azucre con vixencia anual.
4. Engadir no artigo 75 un apartado 1, letra i quater para leite e produtos lácteos
- 5.- Suprimir no artigo 149, apartado 2, letra a)
- 6.- Substituír o apartado 1 do artigo 151 polo seguinte texto no que se recolle a obriga dos compradores de leite cru a cantidade mensual e o prezo medio aboado





así como a procedencia de procedencia da agricultura ecolóxica ou non. “A partir do 1 de abril de 2015, os primeiros compradores de leite cru, terán que declarar a autoridade nacional a cantidade de leite que lles foi entregada mensualmente e o prezo medio aboadado. Faise distinción en función de se a produción procede ou non da agricultura ecolóxica ou non.”

7.- Substituír o artigo 225, parágrafo primeiro, a letra b) sobre a elaboración dun informe o 31 de decembro dos seguintes anos 2018-2021-2024 un informe sobre a evolución da situación do mercado no sector do leite e dos produtos lácteos en particular das consecuencias para as produtoras do leite e para a produción do leite nas rexións desfavorecidas, no marco de manter a produción nesas rexións e cos incentivos para a celebración de acordos de produción conxunta e das propostas axeitadas.

8.-Garantir nos considerandos e nos artigos 10, e nos anexos á introdución do mercados ovino e cabrún, con inferioridade aos 12 meses de cría e que non se empregue o termo cordeiro nas denominacións de venda nin no etiquetado da carne de ovinos de máis de doce meses.

9.- Garantir unha maior porcentaxe de subvencións no sector apícola vista a sangría no noso territorio, no que que as abellas están a sufrir consecuencia das enfermidades e da depredación pola avespa Velutina, e tamén pola importancia que ten a abella como polinizadora.

10.- Garantir un maior apoio no sector vitivinícola incluíndo os cruces de Vitis vinífera ou Vitis labrusca, ou ben outras especies do xénero vitis.





11.- Incluir na consideración de categorías de produtos vitícolas a consideración dos espumosos, de agulla, gasificado, etc.. entre as variedades.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/11/2018 17:17:12

Antón Sánchez García na data 28/11/2018 17:17:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**

Exposición de motivos:

Segundo o código ético institucional da Xunta de Galicia os órganos que teñen atribuído o control e cumprimento das obrigas do código ético elaborarán para elevar ao parlamento un informe anual sobre o grao de cumprimento; isto practicamente se da unicamente no caso do informe que tamén recolle a norma e o código ético sobre as viaxes institucionais fora do territorio do Estado, que é presentado en cada sesión mediante comparecencia.

A pesar disto, tanto o informe como a comparecencia apenas contemplan ningún dato de utilizado, consistindo habitualmente nunha relación de viaxes fora do territorio sen apenas ningunha outra información, nin avaliación dos resultados nin apenas información concreta sobre as axendas e obxectivos. Ademais, en ningún caso se ofrece información de ningún tipo sobre os costes, chegando incluso o director xeral comparecente a dar información errónea sobre as cantidades a abonar que se recollen na normativa autonómica de indemnizacións por razóns de custe.





É absolutamente impresentable esta falta de transparencia, salvo que se trate de agochar a indecencia dalgún gasto destes viaxes ou a imposible xustificación da necesidade nalgún caso.

Neste sentido o noso grupo ten presentado decenas de iniciativas para pedir información, das que unicamente tivemos resposta en catro ou cinco casos, sendo a resposta ademais absolutamente insatisfactoria por inconcreta e imprecisa.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a publicar na súa páxina web, no apartado destinado á transparencia, o gasto das viaxes realizadas fora do territorio do Estado, por parte dos altos cargos, conselleiros e/ou presidente, de tal forma que se inclúa a descrición do gastado en transporte, aloxamento e manutención, así como a composición exacta da comitiva.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/11/2018 10:38:13

Carmen Santos Queiruga na data 29/11/2018 10:38:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, sobre o estado de conservación da Capela da Virxe de Guadalupe en San Vitorio de Ribas de Miño (O Saviñao) e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Capela da Virxe de Guadalupe en San Vitorio de Ribas de Miño atópase situada no Concello do Saviñao e está recollida como un dos bens inmóbeis incluídos no expediente de catalogación da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC) na categoría de paisaxe.

Este templo foi construído no século XVIII. É de planta rectangular aínda que presenta un ábside un pouco máis ancho que sostén un cimborrio octogonal. A súa fachada presenta dúas torres, unha delas con campanario e no medio unha balconada con balaustradas

A falta de mantemento e o paso do tempo foron causando importantes danos nesta construción que, na actualidade, se atopa nun estado precario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, en colaboración co Concello do Saviñao e a Igrexa, desenvolver as accións necesarias para a conservación e posta en valor da Capela da Virxe da Guadalupe.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 11:06:19

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 11:06:23

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 11:06:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 11:06:26

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 11:06:27

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 11:06:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada, **Concepción Burgo López** e dos **deputados José Manuel Pérez Seco e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O Foro do Camiño Primitivo, conformado por 30 asociacións, investigadores e entidades defensoras dos Camiños de Santiago, ven de denunciar a destrución completa da identidade tradicional e do valor patrimonial da Vía primitiva entre os lugares de Vilardongo e Pedrafitelas, no municipio de Fonsagrada.

Segundo denuncia, as obras de “acondicionamento” que se levaron a cabo supuxeron a alteración irreparable deste treito xa que para a realización das mesmas foi utilizado todo tipo de maquinaria pesada, procedéndose á urbanización da calzada antiga, agora en parte sepultada con cemento, así como ao nivelado da rasante do terreo, uniformización de todo o itinerario, realización de novos perfilados, cimentación de sumidoiros, recheo con grosas capas de xabres, gravas e outros materiais.

Non é a primeira vez que os integrantes do Foro do Camiño Primitivo denuncian obras inadecuadas no Camiño Norte e Primitivo, e a principios deste mes entregaron un informe ante ICOMOS-España con nova información sobre as últimas actuacións realizadas que consideran “atentatorias contra a identidade histórica, cultural e paisaxística do camiño..”

Da mesma maneira, a Fraternidad Internacional del Camino de Santiago (FICS), denunciou as obras realizadas en tramos do Camiño Francés en Sarria e Paradela, onde utilizouse zahorra artificial e cemento producindo unha destrución ou alteración grave dos elementos tradicionais como os pasos de inverno de Peruscallo. Así, nos tramos de As Rozas-Moimentos e Ferreiros, en Paradela, pavimentouse con cemento varias corredeiras tradicionais do Camiño.



A FICS considera que estas intervencións poden supoñer nalgúns casos, infraccións a Lei do patrimonio cultura de Galicia polo que pide a súa reversión, ademais de ver nestas actuacións unha política de alteración dos itinerarios históricos, buscando unha uniformidade que os converte nunha pista forestal, rompendo e destruindo a traza milenaria e alterando todos os elementos tradicionais.

Para moitos especialistas, deixar de utilizar para o acondicionamento dos camiños, métodos mais cercanos aos tradicionais e cambialos por zahorra e cemento, é indicativo da vontade de crear un novo camiño, afastado da súa realidade e concepción tradicional, para dar resposta a un turismo de masas.

Os socialistas consideramos que a Consellería de Cultura e fundamentalmente a Dirección Xeral de Patrimonio ten que supervisar a redacción dos proxectos de acondicionamento dos camiños e a realización de todas as obras para garantir que non se levan a cabo accións os desnaturalicen ou que ocasionen danos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a investigar todas as actuacións e obras denunciadas por asociacións de defensa dos Camiños nos Camiños Primitivo e Francés, así como a supervisar, dende a Dirección Xeral de Patrimonio, todos os proxectos e as obras de acondicionamento e mellora que se realicen nos Camiños de Santiago”.

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2018

Asdo.. Concepción Burgo López

José Manuel Pérez Seco

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/11/2018 13:05:05

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/11/2018 13:05:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/11/2018 13:05:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/11/2018 13:05:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**.

Recentemente o goberno portugués levou a cabo unha poxa, condición de Europa para a inxección de fondos, co obxecto de se desprender do Banco Caixa Geral, a filial no Estado español da portuguesa Caixa Geral de Depósitos. Finalmente foi Abanca, o grupo presidido por Juan Carlos Escotet, quen adquiriu este Bando de forma que incorporou un volume de negocio de 7.000 millones de euros e 110 oficinas, 35 en Galiza. Desta forma Abanca consolídase como a sétima entidade do Estado canto a patrimonio e oitava canto activos a cambio dun prezo final de 364 millóns de euros.

Con este novo chanzo avánzase na concentración bancaria en Galiza, que segundo indicaba o *Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia* elaborado pola Comisión Galega da Competencia a instancia dun acordo parlamentar, xa supuña en Galiza un nivel de concentración superior á medida europea e española. Por outra parte, a análise na altura do Índice de concentración HHI aplicado ás cinco maiores entidades daba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como resultado 1.400 puntos no Estado español, mentres que para Galiza o resultado era de 2.321, o que implica moita maior concentración.

Ademais, é pertinente recordar que nunha parte importante o que viña sendo o Banco Caixa Geral no noso país tivo a súa orixe no Banco Simeón. Con este novo paso evidénciase o mal negocio que supuxo para Galiza a venda a prezo de saldo das caixas galegas e a súa posterior bancarización, pois é evidente a folgura e capacidade de manobra que ten Abanca para seguir facéndose con cotas de mercado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta cuestión debe ser atendida e vixiada por parte do goberno galego, que días despois de coñecerse a operación nin sequera fixo unha valoración desta. Esta operación terá un novo impacto sobre o emprego no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión e que aínda non deu por finalizado o proceso da venda do Popular-Pastor e a súa transición a un único paraugas como é o Banco Santander, tal e como amosan recentes peches de oficinas, como a de Guitiriz, que ten levantado resposta por parte da sociedade e dos cadros de persoal. Así mesmo, terá repercusións no número de oficinas e no acceso ao crédito por parte de empresas e particulares. Consecuencias todas elas que deben ser avaliadas e sobre as que cómpre actuar de forma decidida.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar da Comisión Galega da Competencia a realización dun novo informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia e as súas consecuencias para as persoas usuarias de servizos financeiros en Galiza e, realizar con base ao seu resultado, propostas de actuación concretas que serán remitidas ao Parlamento Galego para o seu debate.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 13:17:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 13:17:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 13:17:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 13:17:20

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 13:17:21

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 13:17:22





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vilanova de Arousa ten 10.361 habitantes, dos cales 2.441 teñen máis de 65 anos, o que representa o 23,5% da poboación.

Como recurso residencial para a terceira idade en dito Concello só hai a Residencia Valle Inclán, privada, con 200 prazas, das cales están ocupadas 106.

Sobre a residencia está en curso un procedemento de peche definitivo, dado que, tras numerosas inspeccións, a Xunta comprobou que a xestión está en mans dunha empresa diferente á autorizada a prestar o servizo (Viaxes Silgar). A empresa prestadora, Servizos Integrales Dos Andando, non solicitou a autorización administrativa para prestar o servizo. A Xunta non actuou ata o ano 2018 e o Concello non tomou cartas no asunto.

O peche da residencia xera gran preocupación en persoal – a maioría da propia Vilanova – e persoas usuarias e familiares, que terían que ser distribuídas entre outros centros residenciais galegos. Coa escasa dispoñibilidade de prazas, a maioría de persoas veríanse desprazadas lonxe do fogar. As persoas usuarias e as súas familias, ademais, denuncian que a Xunta só lles notificou por carta o peche e lles enviou unha relación de teléfonos de outros centros residenciais.





Unha prioridade para o Concello de Vilanova, que aprobou por unanimidade unha moción neste sentido, é o mantemento dos 51 postos de traballo e prazas residenciais da residencia Valle-Inclán.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Promover as accións necesarias, xunto co Concello de Vilanova, representantes do persoal da residencia, empresa e familiares das persoas usuarias, para acadar unha solución que permita a permanencia das prazas residenciais e o mantemento dos postos de traballo.
2. Fixar a primeira xuntanza cos axentes implicados nas vindeiras dúas semanas.
3. Aumentar as prazas públicas de residencia de maiores na comarca do Salnés.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/11/2018 16:58:49

Luis Villares Naveira na data 29/11/2018 16:58:53





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a atender as demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación querEndo-mulleres con endometriose, presento un escrito dirixido aos grupos con representación no Parlamento de Galiza, trasladáronnos o contido dunha carta remitida ao Conselleiro de Sanidade, da que nos comunican non teñen tido resposta e na que mostran a súa preocupación porque as súas necesidades seguen sen ser atendidas a pesares de que a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015, a proposta do BNG, aprobou por unanimidade unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento.

Toda vez que transcorreron máis de tres anos sen que se teñan efectivizado as medidas aprobadas, o BNG volve a facer súas as demandas que o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivo querEndo-mulleres con endometriose lle ten trasladado ao Conselleiro de Sanidade, e por esa razón o Grupo Parlamentar do BNG recólleas na seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Creación dunha unidade multidisciplinar de referencia en Galicia. Aaproveitando a experiencia de 8 anos das consultas específicas do Complexo Hospitalario Álvaro Cunqueiro.

2. Creación das consultas específicas da endometriose en todas as áreas sanitarias (neste momento só existen na Coruña e Ourense) e ampliación dos tempos de atención nesas consultas.

3. Realizar as derivación das endometrioses máis severas a unidades multidisciplinarias alí onde non as haxa.

4. Levar a cabo campañas de divulgación da doenza que axuden a recortar ese tempo medio de espera de 8 anos.

5. Levar a cabo campañas de formación e actualización do persoal sanitario que está en contacto coas doentes (matronas, médicos de familia, enfermeiría, xinecoloxía, anestesioloxía...).

6. Realizar atención diferenciada en fertilidade ás doentes de endometriose.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Proceder á creación dunha Guía de atención a mulleres con endometriose e mentres non se realice á aplicación da do SNS.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demanda de:

1. Inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social.

2. Convocatoria dun Consello interterritorial no que se aborde o tema da Endometriose e as especificidades de Galiza.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:23:12

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:23:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 17:23:19

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 17:23:21

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 17:23:22

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 17:23:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira e Flora María Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre as consecuencias da situación laboral que se vive na Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home está a negación de admisión de novos ingresos na Comunidade Terapéutica de Cernadas, a única que acolle en réxime de internamento a mulleres con fillos e fillas a cargo menores de 3 anos.

A vulneración de dereitos laborais, recoñecidas pola Inspección de Traballo, convértese nun problema social, pois afecta a servizos esenciais de atención a persoas con trastornos de adicción.

A Xunta debe integrar todo o sistema de atención a persoas drogodependentes no sector público, tal como sinalaba o Plan de Trastornos Adictivos de Galiza 2011-2016 nos seus obxectivos “garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde”; plan que, por outra parte, cómpre renovar, como obriga a propia Lei 2/1996 sobre drogas. Dita lei, ademais, no seu artigo 29, tamén sinala que a Xunta “promoverá a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede xeral de saúde e servizos sociais”.





De desaparecer a comunidade terapéutica das Cernadas, faltaría en Galicia un recurso de tratamento en réxime interno a mulleres con trastornos de adicción con menores a cargo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Presentar un plan para garantir a integración da asistencia a persoas con trastornos adictivos na rede xeral de saúde e servizos sociais.
2. Dispoñer no inmediato de recursos de internamento para o tratamento de mulleres con trastornos de adicción con menores a cargo.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández,

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/11/2018 17:31:22





Eva Solla Fernández na data 29/11/2018 17:31:30

Luis Villares Naveira na data 29/11/2018 17:31:40

Flora María Miranda Pena na data 29/11/2018 17:31:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar diante da compra do negocio de Caixa Geral por parte de Abanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rede comercial de Caixa Geral de Depósitos no Estado español ven de ser adquirida por Abanca Corporación Bancaria, S.A. esta decisión é un novo episodio no proceso de concentración bancaria e avance na posición oligopolista.

Unha nova concentración negativa desde o punto de vista da competencia, da perda de servizos, da destrución de emprego e da economía galega en xeral. A Caixa Geral ten 35 oficinas repartidas polas 4 provincias, todas elas coincidentes con oficinas de Abanca, e 131 persoas empregadas, ás que hai que engadir as que realizan tarefas de limpeza ou de seguridade.

Esta operación terá un novo impacto no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión, dados os antecedentes terá un novo impacto sobre o emprego.

Non ten polo tanto xustificación a falta de actuación por parte da Xunta de Galiza, toda vez que os seus propios informes alertaban do excesivo grado de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concentración do sistema financeiro galego, cuns índices de concentración dos máis altos da Unión Europea, aos que hai que sumar os do Banco de España.

A Xunta de Galiza ten que deixar de estar ausente, ten que implicarse e actuar para evitar a destrución de emprego e a exclusión financeira de miles de galeg@s, por esa razón o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar todas as accións precisas diante da dirección de ABANCA para que a compra por parte da mesma do negocio da Caixa Geral en Galiza non supoña a destrución dos 131 postos de traballo nin a desaparición das 35 oficinas polo que supón de perda de servizos á poboación.”

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:35:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 17:35:07

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 17:35:09

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 17:35:10

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 17:35:12

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:35:19





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Julia Torregosa Sañudo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao catering do IES Aquis Querquernis de Bande.

Exposición de motivos

Dende En Marea entendemos que o servizo de comedor é un servizo educativo fundamental, toda vez que é o espazo natural de adquisición de hábitos de vida saudables, así como un espazo de socialización importante. Neste eido, o comedor escolar debe ser un servizo público e gratuíto para todo o alumnado, posto que combina tres dereitos fundamentais: o dereito ao ensino, o dereito á alimentación e o dereito á saúde. Ademais, é un servizo que facilita a conciliación familiar. Por todo iso, as institucións teñen a obriga de garantir a máxima calidade deste servizo.

O modelo privatizador do Partido Popular con respecto aos comedores escolares, alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional), afecta especialmente aos nenos e nenas que lonxe de recibir unha alimentación saudable padecen os efectos da externalización: exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, ás veces semiconxelada, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, expresións dalgún alumno do Instituto de Entrimo que din que “os porcos comen mellor que eles”, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a





empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Os pais e nais do IES Aquis Querquernis no que están matriculados/as estudantes de Lobeira, Bande, Muíños, Lobios e Entrimo non son un caso illado. Eles detectan unha serie de irregularidades que poñen en dúbida a calidade dos menús escolares. Sérvenlles a comida en recipientes de plástico que rompe con facilidade...

Aínda que o curso xa comezou cren que debera anularse o contrato coa empresa adxudicataria Sala Gradín por entender que vulnera criterios de calidade. Os pais e nais quéixanse de que os nenos e nenas non comen nin se alimentan.

A empresa adxudicataria debe proporcionar aos centros o material necesario para quentar, rexenerar ou refrixerar os pratos se é necesario:

A empresa que concursa, deberá presentar na súa solicitude unha declaración responsable conforme, no caso de ser a adxudicataria, se compromete a poñer a disposición do centro todos os materiais requiridos para o idóneo servizo de quecemento, rexeneración ou refrixeración de menús.

Parece ser que o grande negocio do catering a empresas privadas ten consecuencias que aínda nin podemos medir. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ao noso entender, debera ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende En Marea, defendemos a gratuidade total do ensino público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda





vez que debера centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.

Diante desta situación que prexudica tan gravemente a alimentación dos e das estudantes do IES Aquis Querquernis, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que defenda o dereito de todos os estudantes do IES Aquis Querquernis a ter unha alimentación de calidade.
2. Que recupere o servizo de xestión directa por parte do centro escolar.
3. Que faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/11/2018 18:07:40

Luca Chao Pérez na data 29/11/2018 18:07:51

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/11/2018 18:08:00

Luis Villares Naveira na data 29/11/2018 18:10:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

O día 13 de novembro de 2018 tiña lugar unha nova reunión da Comisión sobre a AP-9, entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento.

Un dos principais asuntos que se abordaron nesa reunión foi o incremento das peaxes na AP-9. Neste sentido, o Goberno galego trasladou a preocupación da Comunidade polo incremento das peaxes no que é unha arteria de comunicación fundamental para Galicia e demandou do Ministerio de Fomento que estude e negocie coa concesionaria posibles fórmulas para flexibilizar as peaxes desta autoestrada. Nesa reunión, a Xunta de Galicia comprometéase a elaborar unha proposta de posibles medidas que reduzan o impacto polas peaxes desta autoestrada estatal, e a remitirla ao Ministerio para a súa toma en consideración.

Por outra banda tamén é coñecido que o Ministerio de Fomento lanzou a posibilidade de implantar peaxes tamén nas autovías, ata agora libres de peaxes. Desde a Xunta de Galicia e desde este grupo parlamentario que sustenta a acción do Goberno, consideramos que esta é unha cuestión demasiado seria como para ser lanzada a modo de globo sonda e sen ningún tipo de concreción nin de rigor, creando confusión e desacougo entre a sociedade.

En contraposición á política impulsada desde o Goberno central no relativo ás peaxes, desde a Xunta de Galicia vense de anunciar novas bonificacións nas autoestradas de titularidade autonómica: na autoestrada A Coruña-Carballo, AG-55; e na autovía Vigo-Baiona, que xa se atopan entre as autoestradas máis baratas do Estado.

Sendo moi conscientes do impacto que as peaxes teñen no conxunto do tecido económico e social de Galicia, e entendendo que a nosa Comunidade non pode tolerar

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



ningún tipo de medida que supoña un agravio e unha situación de desequilibrio respecto a outros territorios, nin perda de competitividade económica, os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1.- Desenvolver as bonificacións horarias nas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, ao obxecto de que os cidadáns se poidan beneficiar canto antes destas reducións nas tarifas, dispoñendo os recursos orzamentarios necesarios para a súa aplicación, no vindeiro ano.
6. Que formación están recibindo as profesionais que se dedican a atención aos nosos maiores nos recursos públicos e privados da nosa comunidade autónoma (residencias de maiores, centros de día, servizos de teleasistencia, servizo a domicilio..)?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar, durante a X lexislatura, algún programa específico de formación para a detección temperá de violencia machista dirixido ás profesionais que traballan no ámbito dos coidados ás persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/11/2018 17:10:42

María Luisa Pierres López na data 27/11/2018 17:10:48

Julio Torrado Quintela na data 27/11/2018 17:10:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda por parte do goberno galego de coeficientes redutores para os traballadores e traballadoras do sector naval.

Un dos dereitos conquistados pola clase traballadora é o dunha pensión ao remate da súa vida activa como traballadores e traballadoras en activo. Durante a última década puidemos ver como a crise socioeconómica era empregada como desculpa para recortar dereitos nesta materia, medidas regresivas que desenvolveron gobernos do PP e do PSOE no Estado co silencio da Xunta de Galiza malia afectar ás maiorías sociais deste país.

Unha das cuestións que teñen ficado conxeladas é o avance canto á mellora das condicións de xubilación para aquelas profesións máis penosas. Cómpre recordar que o Real Decreto Lexislativo 8/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social recolle no seu artigo 206 como a idade mínima de acceso á pensión de xubilación pode ser rebaixada naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que as e os traballadores acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza. Desta forma, neste marco sitúanse as bases do procedemento a seguir para establecer estudos conducentes a regular esta posibilidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando falemos de condicións laborais onde as posibilidades de intervención nas mesmas non poidan derivar nunha solución suficiente para dita penosidade. Este procedemento é desenvolvido ao abeiro do Real Decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no Sistema da Seguridade Social.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que un dos sectores que deben avanzar no recoñecemento de dereitos e, máis concretamente, das súas condicións de xubilación, é o sector naval. Dunha banda, cómpre recordar a importancia no noso país do sector, que sobreviviu ás diferentes reconversións e aos vetos de facto por parte do goberno central para a construción civil na ría de Ferrol, por exemplo. Doutra banda, da análise das súas condicións de traballo só pode extraerse a pertinencia do establecemento de coeficientes redutores, máis aínda se observamos outros sectores similares que si teñen desenvolvido este dereito.

A actividade no sector naval é dura tanto pola propia actividade, caracterizada por unha alta esixencia física, como polo ámbito onde se desenvolve, maioritariamente a expensas da climatoloxía e nunha contorna que vai mudando segundo o encargo a desenvolver. Isto repercute nun nivel de riscos laborais considerábeis que non é posíbel paliar na totalidade coa prevención e a actividade leva aparellada un importante desgaste. Así mesmo, cómpre recordar que este sector leva vivindo moitos anos as consecuencias da exposición ao amianto e a demora na súa prohibición no Estado español, algo que sumado ao seu longo período de latencia fai que sexan a estas alturas xa moitos os traballadores mortos ou afectados polo contacto con este produto. Un exemplo que evidencia a necesidade de estudar e profundar nas características desta actividade e avaliar as melloras das condicións que se poidan poñer en marcha.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai demandar o goberno galego do goberno central o establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación par o persoal empregado no sector naval?

Cales son as razóns de non telo feito con anterioridade?

Ten avaliado a Xunta de Galiza co sector empresarial e coas organizacións sociais a idoneidade do establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación par o persoal empregado no sector naval?

Ten trasladado a Xunta de Galiza esta cuestión a algunha mesa de diálogo do sector naval? Ten avaliado esta cuestión co sector naval público? E coas empresas privadas? Cales son as razóns? E o resultado?

Vai desenvolver o goberno galego estudos propios para dar respaldo a proposta de coeficientes redutores para o naval?

Considera o goberno galego que está compensada a penosidade que supón o traballo no sector naval? A través de que formas?

Como avalía o goberno galego a evolución na saúde laboral do sector?

E as medidas para o referido ao amianto? Como valora os procedementos de valoración e indemnización dos sistemas de compensación até o momento? Considéraos suficientes? Como valora a posibilidade dun fondo de compensación estatal? Ten feito achegas Galiza? En que dirección?

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2018 17:33:08

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2018 17:33:12

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2018 17:33:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2018 17:33:15

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2018 17:33:16

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2018 17:33:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No Real Decreto 1.078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A BCAM 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no REGULAMENTO (UE) N 1306/2013 do PARLAMENTO EUROPEO e do CONSELLO de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os Estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos Estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os Estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os Estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os Estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo (*BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o perxudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo a pregunta é ¿por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

¿Cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortiguadores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros, pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é o posicionamento do goberno de Galicia a respecto da controvertida obrigatoriedade de suprimi-los sistemas de prato ou abano e canón na aplicación de zudres nas superficies agrogandeiras?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/11/2018 12:55:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/11/2018 12:55:48

Ana Pontón Mondelo na data 28/11/2018 12:55:49

Olalla Rodil Fernández na data 28/11/2018 12:55:51

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2018 12:55:52

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2018 12:55:53



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Con motivo do baixo grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017 por parte do Goberno galego, desde o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha serie de preguntas para coñecer as causas e valoración deste grave deterioro da súa capacidade de iniciativa lexislativa, instándolle a corrixir esta situación.

Visto o informe presentado pola Xunta de Galicia sobre o grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, e sobre todo comprobando novamente a incapacidade lexislativa do Goberno para presentar diante do Parlamento de Galicia os proxectos de lei pendentes e os anunciados no Plan anual de 2018, vémonos de novo na obriga e na necesidade de requirir do Goberno galego que asuma os seus propios compromisos lexislativos, xa que nos períodos de sesións deste ano, das once leis anunciadas, unicamente ten presentado para debate parlamentario o preceptivo Proxecto de lei de orzamentos xerais para 2019, acompañado dun Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas cuxo obxecto excede gravemente o marco regulador no que pode incidir.

Estamos así, diante da lexislatura de máis baixa iniciativa lexislativa por parte do Goberno galego.

Ante esta preocupante situación, o deputado e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para mellorar substancialmente a súa planificación normativa?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2018





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2018 13:55:18
Nº Rexistro: 41000
Data envío: 28/11/2018 13:55:18.947

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/11/2018 12:08:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2018 12:08:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/11/2018 12:08:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRO-XFBOckul-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa á fenda de xénero na sanidade.

A Organización Médica Colexial (OMC) presentou o informe ‘Diagnóstico de género de la profesión’, un documento que reflexa en datos a situación e as diferenzas que se producen entre homes e mulleres.

As mulleres ocupan só o 20% dos postos de dirección, aínda que son máis do 50% da plantilla médica no Estado. A fenda salarial entre médicos e médicas supera o 27%.

As mulleres son o 40% do persoal docente e investigador universitario nas áreas de coñecemento da Saúde, pero en determinadas especialidades non chegan ao 10%.

Existe un 2,1% de paro na profesión médica e, desa porcentaxe, o 63% son mulleres. O índice de médicas desempregadas menores de 40 anos tamén é superior ca o dos seus compañeiros varóns.

No que respecta ás excedencias, a maioría son mulleres de menos de 40 anos (70%), reflexando un claro impacto da maternidade na carreira profesional.

Se visualizamos a porcentaxe de mulleres colexiadas, nos seis últimos anos ingresaron cinco veces máis mulleres ca homes, inducendo un claro fenómeno de feminización médica. Malia isto, o 88% das presidenciais e o 76% das vicepresidenciais dos Colexios Médicos oficiais son homes. Hai un 36% menos de mulleres que de homes nas directivas. Nos órganos de goberno do Consello Xeral de colexios médicos, a representación feminina é do 16%.

A desigualdade salarial, a conciliación, a falta de presenza de mulleres na investigación, na dirección de centros e nos espazos de decisión é un sesgo de





xénero que fomenta a invisibilidade das mulleres na investigación, a formación de novas profesionais e os coidados asistenciais.

Aínda que as mulleres son maioría nos estudos universitarios de Medicina (60% do alumnado que remata os estudos), o seu acceso á docencia é limitado e máis aínda nos postos de responsabilidade.

O acceso ao primeiro emprego en Medicina é elevado, malia isto a análise de xénero revela que ás mulleres que buscan o seu primeiro traballo cústalles máis atopalo e tamén son elas o colectivo no que a afectación do desemprego é superior.

A porcentaxe de persoas en excedencia ou “inactivas” tamén é significativamente maior entre mulleres, especialmente cando os datos se refiren a persoas en idade reprodutiva.

As mulleres supoñen máis da metade da plantilla médica, pero só o 20% están en postos de dirección. Ademais hai menos mulleres ca homes con praza en propiedade e elas encadean maior número de contratos ao ano.

Respecto aos modelos retributivos a evidencia é que existe unha fenda de xénero de máis do 27% entre os salarios dos homes e das mulleres, con tendencia ao incremento.

O informe do Consello de Colexios médicos constata tamén que, cando nas xerarquías laborais hai maioría de homes, estas afectan aos sistemas de cooptación que adoitan priorizar tamén aos homes. Na medida en que os postos están masculinizados, o complemento salarial recíbeno tamén máis homes ca mulleres.

A xestación conleva que as mulleres deixen de facer gardas, e isto supón unha merma de ingresos, converténdose nunha perda retributiva por condición de xénero.





Imponse, ante esta realidade, a creación dunha cultura de fomento e busca activa de igualdade, eliminando os condicionantes que impidan unha presenza igualitaria en todos os espazos.

Polo anterior, preséntase a seguinte Interpelación:

- 1.) Vai desenvolver o Goberno galego políticas para fomentar a igualdade entre as e os profesionais sanitarios?
- 2.) Van protexer as necesidades de conciliación da vida familiar e profesional?
- 3.) Á marxe do informe da situación estatal do Consello xeral de Colexios Médicos, cal é a realidade galega no que respecta ao colectivo médico e a todos e cada un dos colectivos sanitarios?
- 4.) Existe algún plan estratéxico específico para o tratamento da desigualdade de xénero na administración sanitaria?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:





Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 14:14:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Maria Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesaria atención á saúde das mulleres con perspectiva de xénero.

A saúde é unha faceta primordial da vida das persoas. E non resulta allea ao contexto socioeconómico no que estas se desenvolven.

Está absolutamente asumido que o factor que máis condiciona a saúde das persoas non é o sistema sanitario, senón os determinantes sociais que a acompañan. E, nas mulleres, estas circunstancias son manifestamente máis penosas que nos homes na medida en que vivimos nunha sociedade patriarcal na que a desigualdade todo o asulaga. Desigualdade económica, laboral, fenda salarial, precariedade, desigualdade nos coidados, perda de oportunidades, violencia machista. Neste contexto a saúde das mulleres parte con desvantaxe.

Pero, ademais, a abordaxe das patoloxías adoece dun sesgo absolutamente androcéntrico.

As mulleres vivimos máis, pero en peores condicións ca os homes. Temos unha peor autopercepción de saúde, maior morbilidade, consumimos máis fármacos e sufrimos en maior medida tanto o sobre como o infradiagnóstico. Existen dinámicas que cuestionan o noso relato de malestares. Isto induce a unha infantilización e a un paternalismo que non respecta a nosa autonomía.

A ciencia está construída sobre os elementos do patriarcado. Estúdanse as patoloxías en base ao coñecemento propio do modelo de presentación masculino. Determínase que a sintomatoloxía que de modo habitual presentamos as mulleres





é “atípica”, utilizando como gold estándar os síntomas dos varóns. O patriarcado determina como somos atendidas, limita a nosa autonomía tomando decisións sobre os nosos corpos, os nosos partos, os fármacos que tomamos e os fillos que decidimos non ter.

Sufrimos sobre e infradiagnóstico polo sesgo de xénero: nas enfermidades mentais e nas somáticas (se é que se poden desagregar con esa facilidade). Medicalízase en exceso a quen máis malestares cotiás manifesta, as mulleres. As situacións que inducen malestar vital (falta de cartos, sobrecarga de coidados, perda de oportunidades) trasládanse ao sistema sanitario en forma de síntomas diversos. Cómpre reflexionar sobre a necesidade de identificalos e buscar solucións empoderadoras non farmacolóxicas para as mulleres.

Esquécese as enfermidades que afectan ás mulleres en exclusiva ou de modo maioritario. Invisibilízanse, minusvalóranse, investíganse menos, diagnóstícanse tardiamente. Por iso é preciso falar de patoloxías como a endometriose, a fibromialxia e outras.

As diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes non xustifican en ningún caso as diferenzas en saúde. Cómpre o manexo das desigualdades sociais para unha abordaxe integral e realmente xusta e igualitaria da saúde.

Sufrimos violencias sistemáticas e sistémicas: a machista, a institucional, a derivada dun reparto carente de ética dos coidados, e tamén a obstétrica. Esa que nos impide ser donas do noso proceso de parir, esa que nos infantiliza, limita a nosa autonomía e intervéen de modo exacerbado os nosos procesos naturais.

Faise necesaria unha maior sensibilización do persoal sanitario na detección, manexo e acompañamento das mulleres vítimas de violencia machista. Así como no compromiso da súa denuncia estimando o mellor momento para as mulleres.

Ademais existe un elemento adicional de desigualdade na saúde das mulleres: a asunción da contracepción sen corresponsabilidade nos varóns ou, no seu





defecto, a necesidade de ter que afrontar no propio corpo o aborto dunha xestación non desexada. Mesmo afrontando unha serie de dificultades que as propias institucións colocan para evitar facilitar a vivencia, tales como a derivación a centros fóra da comunidade ou a limitación da autonomía das adolescentes (que, noutros eidos da súa saúde, manteñen a capacidade legal para decidir).

Sufrimos en maior medida a pobreza e a exclusión, porque se hai un factor realmente discriminatorio no acceso á dignidade e aos recursos, é o de ser muller. E se falamos dunha muller migrante, maior motivo.

As mulleres tamén pagamos coa nosa propia integridade física, psicolóxica e social os prezos dun reparto desigual dos coidados. Dos fillos e fillas, de familiares dependentes, en ausencia dunha cultura ética de corresponsabilidade social e da necesaria intervención da administración asumindo medidas de reequilibrio.

Debemos desenmascarar a desigualdade e o patriarcado que aínda permanece na nosa sociedade. Temos que identificalo, visibilizalo, combatelo e construír un modo máis igualitario de abordar a saúde das mulleres, o seu empoderamento, a autonomía para ser máis iguais, máis libres, para máis saudables e máis felices.

Polo anterior, preséntase a seguinte Interpelación:

1. Que medidas en materia de formación e sensibilización en perspectiva de xénero se desenvolveron coas e cos profesionais do sistema público de saúde?
2. Existe algún traballo pola eliminación da desigualdade en termos de saúde entre mulleres e homes mediante a abordaxe e o manexo integral dos determinantes que a sosteñen?
3. Desenvólvense Guías de Práctica Clínica para a abordaxe con perspectiva de xénero dos diversos problemas de saúde?





4. Foméntase a formación integral e a sensibilización para a detección de violencia machista especialmente no entorno da Atención Primaria?.
5. Facilítase que as e os profesionais da saúde coñezan os recursos á súa disposición para a abordaxe de problemas derivados da violencia contra as mulleres que atenden?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 28/11/2018 16:48:26

Paula Quinteiro Araújo na data 28/11/2018 16:48:37



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional regulou mediante a Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa o denominado bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach) para o curso 2017/2018.

Este bacharelato ten como finalidade a promoción no alumnado dunha preparación máis profunda e especializada no idioma obxecto do programa e un achegamento máis específico ás diferentes materias que compoñen o currículo.

O alumnado participante debe cursar unha materia extracurricular cunha carga lectiva semanal de 2 ou 3 horas fóra do horario ordinario, así como actividades complementarias de formación ao longo dos dous cursos de 40 horas, tamén fóra do horario ordinario.

A resposta dos centros da Comunidade Autónoma a esta convocatoria foi mínima, incorporándose catro centros, dous deles públicos e dous privados, sobre un total de 294 centros posibles, é dicir, un 1,3 %. Podería pensarse que este baixísimo interese podería gardar relación co tardío da convocatoria.

Non obstante, para o actual curso 2018/2019 a convocatoria foi regulada mediante a pertinente Resolución do 2 de abril de 2018 (anunciada no DOG do 3 de abril) que contén idénticas previsións que a do 1 de xuño de 2017 respecto ás materias e formación complementaria que debe cursar o alumnado, así como cando se debe realizar.

O resultado foi o mesmo que o curso anterior: catro centros en total, dos cales dous son públicos e dous privados.

Se consideramos que nesta comunidade autónoma hai 221 centros públicos e 73 privados que imparten bacharelato, atopamos unha evidente desproporción entre a titularidade dos centros e a resposta á convocatoria; 1 de cada 55 no caso dos centros públicos e 1 de cada 18 no caso dos centros privados.



Tamén se observa unha clara preponderancia de centros situados en entornas claramente urbanas (mesmo cidades) o que puidera ter relación co feito de que o alumnado de bacharelato é usuario habitual do transporte escolar nas condicións previstas no apartado 3º.4 da Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2018-2019 e que ao ter que asistir fóra do horario ordinario ás actividades previstas neste bacharelato.

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Ten analizado o Goberno galego as causas pola que esta modalidade ten tan escasa aceptación?
- 2ª) Cantos alumnos en cada centro cursaron esta modalidade de bacharelato durante o curso 2017/2018?
- 3ª) Cantos alumnos en cada centro están a cursar esta modalidade de bacharelato durante o curso 2018/2019?
- 4ª) Que valoración fai do feito de que a participación dos centros privados triplique a dos centros públicos?
- 5ª) Considera que o transporte escolar é unha variable explicativa do anterior?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/11/2018 10:23:56

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/11/2018 10:24:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Recentemente o goberno portugués levou a cabo unha poxa, condición de Europa para a inxección de fondos, co obxecto de se desprender do Banco Caixa Geral, a filial no Estado español da portuguesa Caixa Geral de Depósitos. Finalmente foi Abanca, o grupo presidido por Juan Carlos Escotet, quen adquiriu este Bando de forma que incorporou un volume de negocio de 7.000 millones de euros e 110 oficinas, 35 en Galiza. Desta forma Abanca consolídase como a sétima entidade do Estado canto a patrimonio e oitava canto activos a cambio dun prezo final de 364 millóns de euros.

Con este novo chanzo avánzase na concentración bancaria en Galiza, que segundo indicaba o *Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia* elaborado pola Comisión Galega da Competencia a instancia dun acordo parlamentar, xa supuña en Galiza un nivel de concentración superior á medida europea e española. Por outra parte, a análise na altura do Índice de concentración HHI aplicado ás cinco maiores entidades daba como resultado 1.400 puntos no Estado español, mentres que para Galiza o resultado era de 2.321, o que implica moita maior concentración.

Ademais, é pertinente recordar que nunha parte importante o que viña sendo o Banco Caixa Geral no noso país tivo a súa orixe no Banco Simeón. Con este novo paso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidénciase o mal negocio que supuxo para Galiza a venda a prezo de saldo das caixas galegas e a súa posterior bancarización, pois é evidente a folgura e capacidade de manobra que ten Abanca para seguir facéndose con cotas de mercado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta cuestión debe ser atendida e vixiada por parte do goberno galego, que días despois de coñecerse a operación nin sequera fixo unha valoración desta. Esta operación terá un novo impacto sobre o emprego no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión e que aínda non deu por finalizado o proceso da venda do Popular-Pastor e a súa transición a un único paraugas como é o Banco Santander, tal e como amosan recentes peches de oficinas, como a de Guitiriz, que ten levantado resposta por parte da sociedade e dos cadros de persoal. Así mesmo, terá repercusións no número de oficinas e no acceso ao crédito por parte de empresas e particulares. Consecuencias todas elas que deben ser avaliadas e sobre as que cómpre actuar de forma decidida.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a saúde do sistema financeiro galego após a compra do Banco Caixa Geral por parte de Abanca? Que tipo de medidas e estudos obxectivos puxo ou vai poñer en marcha?

Considera o goberno galego que isto é positivo para o nivel de concentración bancaria de Galiza? Vai levar a cabo algún tipo de actuación para intervir nesta situación?

Como avalía o goberno galego o impacto nas persoas consumidoras do proceso do Banco Caixa Geral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E no emprego?

E nas e nos usuarios?

Considera que terá repercusións nas relacións económicas co país luso?

Considera a Xunta de Galiza que o mercado financeiro galego pode considerarse un oligopolio?

Considera a Xunta de Galiza a concentración bancaria – e polo tanto a redución da oferta- que se está a producir é beneficioso para os clientes e usuarios de servizos financeiros?

A que cre a Xunta de Galiza que é debida a grande concentración de entidades financeiras en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza de xeito positivo os efectos da reestruturación bancaria?

Como avalía a desgaleguización das entidades financeiras radicadas no país?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 13:21:12

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 13:21:17

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 13:21:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 13:21:23

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 13:21:24

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 13:21:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

As expectativas do sector do mar galego ante a nova negociación dos TAC's e cotas para o Cantábrico e o Atlántico Noroeste non son nada satisfactorias, e presentan unha campaña que pode ser extremadamente dura para manter a nosa frota.

Así os posibles recortes nas capturas para a xarda, a merluza e o rape supoñen un auténtico risco de colapso para a frota, isto unido ás obrigas de desembarque e á posibilidade de compravenda de dereitos, supón de facto que as industrias e barcos con menos recursos económicos verán esgotadas as súas posibilidades de supervivencia.

A todo o anteriormente exposto débemoslle sumar a incerteza dunha una descoñecida división (dirixida vs. accesoria) das cotas e capturas para as artes menores, polo tanto o sector vive con incerteza o desenlace desta crucial negociación para as súas economías.

Por todo o exposto as deputadas que subscriben pertencentes ao Grupo Parlamentario de En Marea formulan a seguinte interpelación.

Que accións ten previsto emprender a Xunta dada a situación que está a vivir o sector do Xeito, derivada do peche da pesquería e da decisión do Goberno galego de non exercer as súas competencias?





Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 29/11/2018 16:21:03

Paula Quinteiro Araújo na data 29/11/2018 16:21:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás medidas a tomar diante da compra do negocio de Caixa Geral por parte de Abanca.

A rede comercial de Caixa Geral de Depósitos no Estado español ven de ser adquirida por Abanca Corporación Bancaria, S.A. esta decisión é un novo episodio no proceso de concentración bancaria e avance na posición oligopolista.

Unha nova concentración negativa desde o punto de vista da competencia, da perda de servizos, da destrución de emprego e da economía galega en xeral. A Caixa Geral ten 35 oficinas repartidas polas 4 provincias, todas elas coincidentes con oficinas de Abanca, e 131 persoas empregadas, ás que hai que engadir as que realizan tarefas de limpeza ou de seguridade.

Esta operación terá un novo impacto no sector da banca en Galiza, que arrastra unha década de reconversión, dados os antecedentes terá un novo impacto sobre o emprego.

Non ten polo tanto xustificación a falta de actuación por parte da Xunta de Galiza, toda vez que os seus propios informes alertaban do excesivo grado de concentración do sistema financeiro galego, cuns índices de concentración dos máis altos da Unión Europea, aos que hai que sumar os do Banco de España.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten que deixar de estar ausente, ten que implicarse e actuar para evitar a destrución de emprego e a exclusión financeira de miles de galeg@s, por esa razón presentamos a seguinte interpelación:

-Que accións ten realizado o Goberno galego para que a compra por parte de Abanca do negocio da Caixa Geral en Galiza non supoña a destrución dos 131 postos de traballo nin a desaparición das 35 oficinas que posúe no noso país?

-Ten realizado algunha actuación para evitar a perda de servizos bancarios á poboación?

-Toda vez que a Xunta ten un informe que alerta do excesivo grado de concentración do sistema financeiro galego, que accións ten realizado para que non se siga acentuando?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2018 17:42:58

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2018 17:43:08


Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2018 17:43:09

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2018 17:43:10

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2018 17:43:12

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2018 17:43:13





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727